



2017

anuario

DE LA EUORREGIÓN

DA EUORREXIÓN

DA EUORREGIÃO

GALICIA

NORTE DE PORTUGAL



ÍNDICE

A Eurorrexión: un dos centros de decisión da Europa das rexión	2	La Macrorrexión ante el reto demográfico	18	Cooperación para facer máis Europa	43	O «Día da lingua portuguesa» tamén en Galicia	57
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO		O “crecemento azul”, unha prioridade na UE	20	Cooperativas de ambos os lados do Miño fortaleceram os laços em Valença	45	Adeus a Mário Soares, um português maior	58
Relações Portugal-Espanha e cooperación Norte-Galiza	5	Unidos polo Corredor Atlántico	22	5º Job Day da Eurorregião, setor TIC, na Universidade do Minho, Guimarães	47	CCDR-N homenageia Prof. Luís Valente de Oliveira	61
FERNANDO FREIRE DE SOUSA		La cooperación transfronteriza, reforzada	26	IKFEM une Norte de Portugal e Galiza com concertó de pianos na Ponte Internacional Valença-Tui	48	Cimeira ibérica: novos acordos e mais cooperação transfronteiriça	66
Unha das ferramentas máis eficaces	6	Un diálogo dende Galicia	28	Conversas Nortear: favorecer o diálogo e o coñecemento entre as dúas culturas a través dos seus escritores	50	INL: Um exemplo paradigmático de cooperação	70
ALFONSO RUEDA		Reforzar e impulsar o tecido empresarial da Eurorrexión	30	Prémio Literário Nortear premeia Cecília Santomé	51	Cerveira-Tomiño viver um espaço naturalmente comum	73
Cooperação = mais coesão	8	Galicia liderará o ditame sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca	32	Freire de Sousa passou a Núñez Feijóo a presidência da Comunidade de Trabalho Galiza-Região Norte de Portugal	53	FERNANDO NOGUEIRA	74
ESTER GÓMEZ DA SILVA		Unha Eurorrexión comprometida coa dinamización demográfica	36			A Euro-rexión: amores e teimas	74
A vangarda da integración europea	10	Feijóo define a Cavaco como “cooperador leal”	40			A necesidade de modernizar o tren	78
JESÚS GAMALLO						137 proxectos foron seleccionados na 4.ª convocatoria do programa Iacobus	83
A cooperación dunha Eurorrexión unida	12						
XOSÉ LAGO							
Centeno eleito presidente do Eurogrupo	14						
Galicia-Norte de Portugal, a máis beneficiada	16						

**ANUARIO
DE LA
EURORREGIÓN
GALICIA-NORTE DE
PORTUGAL 2017**

**EDITA
PUBLILAR**
Magazos, s/n.
27850 Viveiro (Lugo)

**EDITOR
M.S.**

**IMPRIME
Gráficas Lar**
Dep. Legal: C-170-2010
Edición no venal

Esta publicación cuenta con el apoyo de



**Agrupación Europea de Cooperación Territorial —
Galicia - Norte de Portugal (GNP - AECT)**

Calle Eduardo Cabello s/n (Edificio CETMAR),
Bouzas, 36208 Vigo (Pontevedra) - España
Teléfono: +34 986135126 - FAX: +34 986248613
E-mail: gnpaect@gnpaect.eu - Web: www.gnpaect.eu

A Eurorexión: un dos centros de decisión da Europa das rexións

ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

O proxecto de construír unha comunidade transfronteiriza estable cunha estrutura institucional que garanta a súa continuidade xa non é un soño, é unha realidade. O escepticismo dos primeiros anos foi superado grazas a unha firme aposta por construír novas pontes que reforzasen as seculares relacións sociais, económicas e culturais entre Galicia e Portugal, especialmente coa súa Rexión Norte. Este vínculo privilexiado xa está a dar froitos a ambos lados do Miño e seguiraos dando ao longo dos vindeiros anos.

No mes de maio de 2017 volvín ter a honra de asumir a Presidencia rotatoria da Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal. Desde esta responsabilidade, teño a satisfacción e a obriga de dar testemuña dese éxito global. A nosa Eurorexión é mencionada en Bruxelas como exemplo de cooperación e mesmo se converteu nun modelo para outros espazos transfronteirizos da Unión Europea (UE).

Non só acadamos capacidade suficiente para deseñar proxectos conxuntos, senón tamén para mantelos operativos ano tras ano. Cada vez a Eurorexión xestiona máis fondos, que pon ao servizo dos galegos e portugueses do norte. Non en van, somos a zona máis beneficiada polo Programa de Cooperación Transfronteiriza España - Portugal, cun terzo do seu investimento total. Con eles mellóranse infraestruturas, cofináncianse proxectos culturais, impúlsanse iniciativas empresariais e, sobre todo, avánzase no eido da investigación, da cooperación universitaria e da formación, pois son claves para ter un papel máis relevante no mundo do futuro.

Nesta liña, debemos aproveitar os recursos que nos facilita a recuperación económica para encamiñarnos cara ao obxectivo do 3% do PIB dedicado a políticas de I+D+i. Os bos resultados do programa Iacobus de cooperación entre as universidades e os centros de investigación a ambos os lados do Miño son un importante aliciente para



seguir traballando nesa dirección. Nas súas cinco convocatorias, conseguiu poñer máis de 690.000 euros ao servizo dos nosos docentes e investigadores.

Nesta época de incertezas, Galicia e o Norte de Portugal debemos redobrar o noso compromiso co proxecto común. Os tempos nos que Europa orbitaba en torno a un único centro de gravidade xa remataron. A gobernanza da Unión deberá ser cada vez máis descentralizada e a Eurorexión ten potencial para ser un dos diversos centros de decisión do continente. Temos un percorrido que nos avala de cara aos moitos retos que aínda quedan por diante.

Un deles, común a toda Europa pero que coñecemos de primeira man na nosa Eurorexión, é a tendencia demográfica. Trátase da clave de bóveda da evolución das nosas sociedades, e como tal debe ser unha prioridade política de primeiro nivel. Por iso seguiremos reclamando que a demografía se teña en conta ao decidir o futuro das políticas de cohesión.

Outro dos desafíos pendentes, relacionado tamén coa dinamización económica e social, é a mellora das infraestruturas. Para falar dun espazo xenuinamente compartido, é imprescindible ter unhas conexións que faciliten a mobilidade da poboación. Neste 2018 seguiremos traballando para lograr compromisos na liña ferroviaria Vigo - Porto e no eixo Ourense - Vila Real, pero sobre todo para lograr a inclusión do noroeste ibérico, desde A Coruña ata Porto, na Rede Atlántica de Transporte da UE.

A Eurorexión Galicia - Norte de Portugal está chamada a ter un papel máis protagonista na Europa das rexións dos vindeiros anos. Terémolo grazas ao compromiso de quen nos precedeu, desde Manuel Fraga e Luís Braga ata Fernando Freire de Sousa; grazas á nosa vocación de seguir integrándonos e grazas aos éxitos que, sen lugar a dúbidas, seguirá deparándonos a cooperación leal ■



RELAÇÕES PORTUGAL-ESPANHA E COOPERAÇÃO NORTE-GALIZA

🏹 FERNANDO FREIRE DE SOUSA 🏹

PRESIDENTE DA COMISSÃO DE COORDENAÇÃO E DESENVOLVIMENTO REGIONAL DO NORTE (CCDR-N)

As relações económicas entre Espanha e Portugal adquiriram uma muito especial expressão quantitativa e qualitativa na sequência da adesão conjunta, em 1986, às então Comunidades Europeias. De facto, o peso da Espanha enquanto país cliente e fornecedor de Portugal – que era, respetivamente, de apenas 2,1% e 4,5% em 1974 e atingira 6,6% e 10,9% em 1986 – passou a crescer muito significativamente desde então, para se cifrar atualmente em valores superiores a um quarto do total das exportações e quase um terço do total das importações, tendo a Espanha assumido a liderança dos parceiros comerciais de Portugal em apenas quatro anos após a integração dos dois países ibéricos (no tocante às importações) e a partir do início do século XXI (no tocante às exportações).

Esta realidade, fruto natural da abertura política e económica dos dois países e da sua grande proximidade geográfica, histórica e cultural, não podia deixar de ter efeitos em todos os planos da vida individual e coletiva dos cidadãos espanhóis e portugueses. E, mais particularmente ainda, não podia deixar de ser acompanhada de um forte impacto na esfera da cooperação político-institucional entre várias regiões da Península, nomeadamente fronteiriças; sendo que, no quadro destas, as Regiões de Galiza e do Norte de Portugal se destacam como aquelas cujo grau de estreitamento relacional alcançou maior relevância concreta (veja-se, no quadro abaixo, que a Galiza é hoje a região espanhola que lidera o ranking dos clientes regionais espanhóis das importações de Portugal), na sequência de um já longo percurso de várias décadas.

Com referência a este percurso, e atendo-nos estritamente aos anos subsequentes



às normalizações democráticas, é de referir um primeiro período marcado por encontros regulares entre os responsáveis das duas Regiões, no sentido de serem tratados assuntos de interesse comum através de trocas de informações e análise de problemas de natureza idêntica, visando, quanto possível, a coordenação de ações e iniciativas conjuntas.

Foi depois decidido, em 1991, o salto qualitativo da criação da Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal; em seguida, e dez anos atrás, um contexto europeu de crescente exigência e formalidade conduziu a uma nova evolução na dinâmica da cooperação transfronteiriça no Noroeste Peninsular por via da aprovação de

um Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial (AECT G-NP) que veio dar origem ao avanço institucional associado a uma entidade com personalidade jurídica à luz do direito europeu. Mais recentemente, o Plano de Investimentos Conjuntos (PIC) de 2014, e a sua avaliação intercalar de 2017, vieram ainda consagrar uma adicional definição e focagem no sentido de uma agenda estratégica para a Euro Região (incluindo quatro eixos prioritários, em linha com o INTERREG V-A: investigação e desenvolvimento tecnológico, inovação e transferência de conhecimento, com destaque para o Programa IACOBUS; competitividade e internacionalização de PME, cobrindo objetivos temáticos como os dos clusters transfronteiriços, agenda digital e internacionalização; valorização do património cultural e natural; capacitação institucional e redução de custos de contexto).

Concluindo: a cooperação institucional e económica entre a Galiza e o Norte de Portugal é hoje um ativo essencial e imprescindível no quadro de um virtuoso prosseguimento das relações luso-espanholas. Fazer dessa experiência de décadas um ativo capaz de contribuir para o aprofundamento de caminhos sólidos à União Europeia e à Europa das Regiões em que queremos viver é um desafio que, mais do que nunca e até na conjuntura presente, merece a abertura pela negociação de um futuro período de programação comunitária 2020-2030, a Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte não poderão deixar de enfrentar com especial empenho e um redobrado esforço no sentido de um estreitamento dos laços de envolvimento entre os múltiplos atores para tal relevantes ■





UNHA DAS FERRAMENTAS MÁIS EFICACES

ALFONSO RUEDA VALENZUELA

VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

A cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal é unha das demostracións prácticas máis evidentes das vantaxes da Unión Europea (UE) e moi probablemente, a que mellor reflicte a relatividade das fronteiras no proxecto de construción dun espazo común no que compartir e convivir.

As iniciativas e as institucións transfronteirizas, como é o caso da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, constitúen unha das ferramentas máis eficaces das que dispoñemos os Estados socios e as sociedades europeas para construír un futuro que o centro sexan as persoas por riba dos intereses territoriais ou de grupo.

Xuntos podemos acadar as metas que cada cidade, bisbarra e rexión se autoimpoñan ao tempo que executar as mellores solucións posibles aos problemas que compartimos.

Durante o ano 2017 tivemos a ocasión de comprobar una vez máis que a cooperación transfronteiriza é necesaria, mesmo imprescindible, como ocorreu ca onda de incendios forestais sufridos ao norte e ao sur do Miño.

As autoridades estatais e regionais de Portugal e de España xa teñen dado pasos para coordinar esforzos e mesmo compartir de xeito inmediato os profesionais e os medios anti-incendios o caso dun sinistro, e nese como en tantos outros aspectos as relacións de amizade e cooperación trasfronteiriza construídas no marco da Eurorexión son fundamentais non só para coordinar forzas para loitar contra os lumes, senón tamén para organizar e compartir sistemas de vixilancia e prevención.

Cando a Xunta de Galicia e o Consello da Rexión Norte de Portugal decidiron darlle un novo pulo ás súas centenarias relacións de boa veciñanza unha das razóns da iniciativa foi precisamente esa: compartir medios na procura de solucións aos problemas que comparten os cidadáns dos dous territorios e coordinar activos para acadar retos de interese para ambas partes.



Mais non deixemos cunha árbore substituída ao bosque, con ser importante a loita contra os incendios só é un problema ao que podemos aportar solucións, pero o máis substancial para o futuro das persoas son as aportacións da Eurorexión no eido da formación de profesionais e de investigadores, pois aplicando fórmulas europeas de éxito contrastado fomos quen de poñer en marcha a nosa propia rede de intercambios, estamos a crear sinerxias no marco do Programa Iacobus, por exemplo, que é sen dúbida unha das mellores apostas de futuro para ofertar futuro á xuventude e mellorar o desenvolvemento económico da Eurorexión.

O novo marco de relacións entre os galegos e portugueses máis novos axuda a que hoxe percorran xuntos boa parte do seu proceso de formación e que mañán compartan iniciativas laborais, empresariais e mesmo deseñen e executen proxectos económicos conxuntos, sexan comerciais, industrias, no campo dos servizos ou na explotación do setor primario, no agro e no mar.

Esa tarefa e os contactos entre iniciativas e empresas de ambos os lados da "raia" é a razón de ser da comunidade transfronteiriza.

Nese seso compre lembrar que na Eurorexión luso-galaica teñen un peso moi importante as pemes. Polas súas dimensións esas empresas precisan axuda no desenvolvemento de proxectos de I+D+i e acceder á investigación universitaria, xa que non poden destinar fondos propios na contía que sería necesaria.

Esas iniciativas empresariais tamén precisan de persoal técnico, de traballadores cunha formación axeitada e actualizada, porque a diferenza das grandes empresas unha pema non pode dedicar moito tempo nin cartos suficientes á formación do seu persoal. Por iso, un bo curriculum universitario e unha boa formación profesional seguen a ser o mellor apoio que podemos proporcionar ás pemes.

É preciso realizar accións concretas. Sempre se recorda que vivimos nun mundo globalizado, pero non sempre temos presente que nese mundo globalizado, cada sector produtivo ou de servizos conta co seu propio ritmo, cos súas necesidades, nese escenario as eurorexións xogan un rol fundamental, máxime en espazos como o luso-galaico no que compartimos raigames culturais e valores espirituais.

Non podemos seguir mesturando competencias e obxectivos sociais e institucionais, as administracións locais, rexionais e estatais teñen os seus obxectivos e responsabilidades e a eurorexión, outros moi concretos e establecidos nas normativas e nos programas da UE. Quen confunde as responsabilidades e tarefas dunhas e outras institucionais dificultan a labor da Eurorexión e en ocasións mesmo malogran iniciativas.

Ser útiles esixe ser rigorosos no cumprimento das regras de xogo que fan posible convivir, actuar e obter froitos benéficos. A Eurorexión é un instrumento, proveitálo esixe respectar as súas funcións e desenvolver as súas competencias sen forzas. Traballemos nese senso como ata de agora ■

Abriendo nuevos horizontes hacia la **economía circular**



www.sogama.gal



**XUNTA
DE GALICIA**



SOGAMA

**SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE**

COOPERAÇÃO = MAIS COESÃO



ESTER GOMEZ DA SILVA



VICE-PRESIDENTE DA COMISSÃO DE COORDENAÇÃO E DESENVOLVIMENTO REGIONAL DO NORTE (CCDR-N)

Estamos atualmente a preparar o próximo quadro comunitário e há várias apreensões quanto ao que será o futuro da Política de Coesão. A acrescer às dificuldades que normalmente acompanham os processos de programação de um novo ciclo, há um conjunto de fatores de incerteza adicionais, de natureza política (Brexit, ascensão de movimentos populistas e nacionalistas) e económica (desempenho débil da União Europeia), que pode conduzir a uma profunda transformação da Política de Coesão tal como a conhecemos. A desconfiança no funcionamento das instituições democráticas, nacionais e europeias, bem como as dúvidas levantadas sobre a eficácia das políticas de convergência, vêm introduzir um novo quadro de análise. Parece certo que desta vez será diferente, que a Política de Coesão mudará significativamente a sua expressão no quadro das políticas europeias.

É neste contexto que se torna particularmente útil demonstrar o valor da Política de Coesão e, em particular, da sua vertente de cooperação.

Tendo a União Europeia na sua génese o princípio da solidariedade entre estados membros, a Política de Coesão constitui, necessariamente, o seu instrumento político por excelência. O grande “cimento” da construção europeia encontra-se na capacidade das várias regiões aproveitarem efetivamente os benefícios e oportunidades criados pela globalização e pela evolução tecnológica, usufruindo de um crescimento elevado, sustentável e inclusivo. Não o fazendo, os princípios políticos de solidariedade serão automaticamente postos em causa, e com isso, os movimentos de cariz populista ganharão força. O futuro da União Europeia está, por isso, intrin-



secamente dependente do sucesso (ou insucesso) das suas políticas e, em especial, da Política de Coesão.

Neste ponto, torna-se importante destacar os avanços notáveis em matéria de cooperação registados entre o Norte de Portugal e a Galiza após a integração dos dois países, Portugal e Espanha, na Comunidade Europeia. Desde a partilha de equipamentos e infraestruturas públicas (e.g., Laboratório Ibérico de Nanotecnologia, Ponte da Amizade) ao planeamento conjunto da preservação de recursos naturais e culturais (Rio Minho, Reserva da Biosfera do Gerez-Xurés, Caminhos de Santiago), passando por programas de mobilidade académica (IACOBUS), pela gestão e coordenação de emergências (ARIEM), entre muitos outros, vários têm sido os projetos desenvolvidos conjuntamente pelas duas regiões, impulsionados em grande medida pelo Programa Operacional de Cooperação Transfronteiriça Espanha-Portugal (POCTEP). O apoio




financeiro consagrado por este programa revelou-se determinante para se fazer a transição de uma relação histórica de proximidade para uma cooperação de natureza estratégica, que viria a concretizar-se na criação do Agrupamento Europeu de Cooperação Transfronteiriça Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP) e na definição de uma estratégia de especialização inteligente comum (RIS3T) e de um plano de investimentos conjuntos (PIC).

No contexto atual, os dois países são confrontados com a necessidade de defender ativamente um programa da maior importância em matéria de coesão, tanto mais que as zonas da fronteira Portugal-Espanha são, em simultâneo, as áreas de maior vulnerabilidade económica e demográfica. Será importante manter algumas das características que marcam o atual ciclo de programação, como o princípio de concentração de recursos ou a orientação para os resultados. Mas haverá igualmente necessidade de

resolver alguns dos constrangimentos que se colocam na atualidade, e que não dependem exclusivamente dos fundos alocados aos programas de cooperação. Desde logo, será necessário avançar com uma maior interligação entre estes programas e outros programas operacionais, designadamente os de âmbito regional, de modo a alavancar os investimentos efetuados e aumentar o seu impacto no território, até porque as dotações dos programas de cooperação são relativamente modestas e não se perspetiva um aumento da sua grandeza. Por outro lado, dever-se-á reforçar a componente territorial das iniciativas desenvolvidas, bem como aprimorar o conceito de governação multinível, que deverá envolver uma maior coordenação das ações efetuadas aos vários níveis de governo e assegurar uma maior atenção às especificidades regionais. Ao nível institucional, seria igualmente importante atenuar o desequilíbrio que ainda existe entre as entidades responsáveis de ambos os lados da fronteira. Tal permitiria

intervir mais eficazmente na redução dos custos que afetam diariamente as populações das zonas de fronteira, garantindo uma intervenção mais eficaz na remoção de incompatibilidades nos regulamentos nacionais e uma gestão mais eficiente no domínio das acessibilidades, prestação de cuidados de saúde e mobilidade laboral.

Em suma, uma cooperação mais eficaz garante a dinamização dos territórios mais desfavorecidos, sendo fonte de redução das disparidades regionais e da promoção de um crescimento equilibrado, ambições que não poderão ser esquecidas neste momento ■



A VANGARDA DA INTEGRACIÓN EUROPEA

✎ JESÚS GAMALLO ✎

DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Para Galicia, Portugal forma parte da súa proxección natural, tanto polas fondas raíces do pasado que compartimos, coma polo presente dos intercambios e a cooperación. Un modelo de cooperación transfronteiriza que apostamos por seguir aprofundando, especialmente nas relacións cos nosos veciños da Rexión Norte, cos que construímos un marco estable de cooperación institucional a través da Comunidade de Traballo.

A economía é un factor capital na integración entre Galicia e o Norte de Portugal. Así, os fondos do INTERREG, a medio do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España - Portugal (POCTEP) serven para tecer mais intensamente esta interrelación. A Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal é, cómpre dicilo, a área que



fai un uso máis eficiente dos Fondos Estruturais para Cooperación Transfronteiriza de toda a fronteira hispano-lusa.

Desde Galicia traballamos para consolidar o consenso básico de considerar a Portugal o noso socio preferente no proceso de construción europea. Porque o vizoso da nosa fronteira común oferta moitas e variadas vantaxes: un mercado natural de maior tamaño, apoio para a culminación das infraestruturas, un contexto estable e máis estruturado para impulsar o proceso de internacionalización das empresas, o acceso a novos mercados e a posibilidade de ofertar servizos compartidos aos cidadáns de fronteira.

Agora chegou o momento de facer da nosa Eurorrexión vangarda da integración europea. Só os resultados tanxibles do construído ata agora son os elementos que poden devolver a confianza cidadá no proxecto europeo da nova Europa que construímos, máis eficaz e selectiva. Neste marco, a Eurorrexión Galicia - Norte aspira a ser decisiva para potenciar os mecanismos de colaboración que temos en marcha para un triple obxectivo: Facer xuntos máis Europa, porque ese é o xeito de defender a Unión e tamén de gañar centralidade e protagonismo nela; Afondar e ampliar a todos os niveis posibles a cooperación transfronteiriza; E reforzar conxuntamente a cooperación co resto do mundo.

A innegable vontade política que permitiu xermolar unha Eurorrexión hai xa 30 anos, que nos levou a presentar iniciativas, a compartir proxectos e a impulsar políticas que contribuíron a debuxar o perfil do noso proxecto compartido é o exemplo máis claro de que a superación de fronteiras e a substitución de muros por pontes é una opción de éxito ■





A COOPERACIÓN DUNHA EURORREXIÓN UNIDA



XOSÉ LAGO



DIRECTOR DE AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA - NORTE DE PORTUGAL

Desde sempre, a cooperación dentro da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal ten desde sempre unha especial solidez, alicerzada na proximidade lingüística e xeográfica e potenciada pola contigüidade espacial e pola creación reforzada de vínculos de unión entódalas áreas de actuación. Esta cooperación contribúe ao incremento de oportunidades para os mais de 6 millóns de persoas que aquí residen e traballan.

O Anuario que agora presentamos pretende salienta o balanço positivo da cooperación entre os dous territorios, e en particular algunhas das actividades desenvoltas pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión (GNP, AEET), pero contextualizándoas dentro dos principais feitos relevantes para a nosa Eurorrexión aínda que tivesen lugar fóra das nosas fronteiras. Así, este Anuario reflicte moito do que de bo se fai neste territorio, e un pouco por todo o mundo



O Norte de Portugal e Galicia teñen no seu espazo común a vantaxe de ter universidades, empresas, concellos e outras administracións, institucións públicas e privadas en suma, que cooperan de xeito estruturado, o que incrementa exponencialmente o valor desta Eurorrexión única.

A política europea de cooperación territorial desempeña, xa que logo, unha función esencial porque contribúe para a promoción da colaboración entre os Estados membros, non só economicamente, senón tamén socialmente, o que supón un dos motores mais efectivos para construír a “casa común”. E, dentro dese esquema, a GNP, AEET desempeña un rol de dinamizador e de elemento de vertebración e de comunicación entre os diferentes actores da Eurorrexión. Ademais, a nosa AEET quere consolidar o seu protagonismo no eido da cooperación transfronteiriza europea, colaborando con varios proxectos que contribúan a reforzar a cooperación entre Galicia e a Rexión Norte

de Portugal, en particular nos eixos estratéxicos do Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da Eurorrexión.

No ano 2017 tiveron lugar momentos importantes para a Eurorrexión. O XI Plenario da Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal supuxo o traspaso da presidencia para a Xunta de Galicia. Pero tamén foi o inicio dos novos proxectos aprobados no marco do programa INTERREG VA 2014-2020, que posibilitará tamén un incremento da actividade da GNP, AEET, co que supón de maior notoriedade pública ata o fin do período. Tamén cómpre salienta a celebración, no noso territorio do Cumio Ibérico que, por primeira vez tivo como fío condutor a cooperación transfronteiriza.

Non quero rematar esta introdución sen destacar o traballo desenvolvido polos colaboradores da GNP, AEET, que empregan todos os medios ao seu dispor para acadar uns resultados notorios para a Eurorrexión, entre os que quero destacar o Programa IACOBUS, os Job Days, ou o programa cultural “Nortear” e que promoven as relacións transfronteirizas como un instrumento fundamental para a transformación dos territorios de fronteira en novos espazos de desenvolvemento e valorizan e promoven a competitividade do tecido empresarial da Eurorrexión, a través do coñecemento e da innovación.

Neste sentido, o noso traballo favorecerá sempre o encontro entre institucións, empresas e cidadáns dos dous lados da fronteira, para a promoción dos intereses e obxectivos comúns, tentando en todo o momento o establecemento de pontes de comunicación, de diálogo e de converxencia ■



Chegar a cada concello, estar con cada persoa.



A Deputación da Coruña está co turismo.

Descubre a provincia da Coruña a través de xeodestinos únicos como Ferrolterra, Eume e Ortegal, A Coruña e As Mariñas, Costa da Morte, Terras de Santiago ou a Ría de Muros e Noia.

Mergúllate nas mellores praias naturais, pasea por rúas repletas de historia, coñece o noso patrimonio artístico e monumental e goza da ampla riqueza gastronómica que ofrece esta terra. Vive A Coruña.



Deputación
DA CORUÑA

Centeno eleito presidente do Eurogrupo



Mário Centeno foi eleito presidente do Eurogrupo, na reunião do grupo informal de ministros das Finanças da zona euro. O detentor do cargo, Jeroen Dijsselbloem deixou a posição no dia 12 de janeiro de 2018 e o português tomou posse no dia seguinte. O holandês Dijsselbloem falou sobre a eleição do sucessor, dizendo que “tivemos quatro excelentes candidatos e quero agradecer a todos eles”. Sobre Centeno, acrescentou que “emergiu como candidato bem-sucedido depois de duas rondas de votação”, apesar de Dijsselbloem não ter especificado com quantos votos é que o português venceu.

A vitória folgada de Centeno era o cenário apontado como mais provável. No entanto, o ministro das Finanças português não conseguiu vencer na primeira volta, mas apenas depois da desistência da Letónia e da Eslováquia. Centeno foi a votos na segunda ronda contra o luxemburguês Pierre Gramegna.

O presidente do Eurogrupo é eleito por maioria simples dos respetivos membros (que atualmente são 19) para um mandato de dois anos e meio, ou seja, Centeno conseguiu, pelo menos, 10 votos.

Centeno torna-se assim o terceiro presidente da história do fórum de ministros das Finanças da zona euro, depois do luxemburguês Jean-Claude Juncker e do holandês Jeroen Dijsselbloem, assumindo funções em janeiro próximo.

Centeno diz ser uma honra ter sido eleito presidente do Eurogrupo, mas lembrou que o trabalho de continuar a recuperação da zona euro

tem de ser feito por todos os países da zona euro.

“A partir de janeiro de 2018 vou ser o próximo presidente deste grupo. É uma honra ser o próximo presidente do Eurogrupo, devido à relevância deste grupo, à qualidade dos meus colegas e à importância do trabalho que temos de fazer nos próximos anos”, afirmou Mário Centeno, em conferência de imprensa, depois da reunião.

“Foi uma corrida justa e muito democrática”, continuou. “Este tra-

À segunda volta, o ministro português das Finanças Mario Centeno conseguiu os votos para se tornar o sucessor de Dijsselbloem na presidência do Eurogrupo

balho é feito por todos os países que pertence ao euro, Comissão e instituições europeias. Estou preparado para trabalhar com eles”.

Os candidatos à liderança do PSD Rui Rio e Pedro Santana Lopes saudaram a eleição de Mário Centeno para a presidência do Eurogrupo, que ambos consideraram ser positiva para Portugal. “O quadro do Eurogrupo e dos países da moeda única reconhece que Portugal tem feito uma trajetória importante, que engloba aquilo que foi feito pelo anterior governo e também aquilo que tem sido feito por este. É um factor positivo para Portugal e devemos estar todos orgulhosos de isso ter acontecido”, afirmou Rui Rio.

Logo em seguida, Pedro Santana Lopes chegava também ao mesmo local e, questionado sobre a mesma matéria, fez apenas uma breve declaração. “Com certeza que sentimos satisfação por este dia importante para Portugal, desejo-lhe felicidades,

“Foi uma corrida justa e muito democrática”, afirmou o ministro e novo presidente sobre a eleição, que venceu, para a presidência do Eurogrupo

como é natural”, afirmou o antigo primeiro-ministro.

O primeiro-ministro António Costa afirmou que a eleição de Centeno é, em primeiro lugar, “um momento de reconhecimento das suas qualidades” e, em segundo, um “reconhecimento da credibilidade” do país. “Está hoje virada a página”, disse ainda Costa, lembrando “que já não discutimos o défice excessivo ou as sanções”.

Sobre se Centeno terá agora de se dividir entre o Ministério das Finanças e o Eurogrupo, Costa realça que o governante “é, em primeiro, ministro das Finanças de Portugal”, e que isso tem como vantagem fazer com que o país tenha “papel mais activo e em melhores condições” na discussão sobre o futuro da Europa.

O primeiro-ministro garante também que esta eleição não altera as responsabilidades de Portugal relativamente às regras orçamentais: “As regras são as regras e a nossa política orçamental está definida desde a primeira hora”.

“O facto de termos a presidência do Eurogrupo é importante também do ponto de vista simbólico”, disse ainda Costa. “Não podemos esquecer de onde viemos”, acrescentou, lembrando novamente o procedimento por défice excessivo onde Portugal estava colocado há dois anos e o conseqüente risco de aplicação de sanções por parte da União Europeia ■


Abraço de dois países

A Vella Ponte Internacional que une Tui e Valença foi o escenario dun acto organizado cun triplo motivo. Por unha banda celebrouse o Día Mundial da Auga e facer unha chamada de atención sobre a súa importancia e conservación, por outra conmemorar o 131 aniversario desta infraestrutura así coma o quinto da constitución da Eurocidade Tui-Valença. Os protagonistas foron un millar de escolares de Infantil e Primaria dos centros educativos de Tui e Valença que deron o primeiro “Abraço ao río” coma figuraba nas camisetas de cor azul que todos levaban. Estiveron presentes o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, a concelleira de Ensino, María José González, os concelleiros de Patrimonio, Carmen Núñez, e de Medio Ambiente, José Martínez Tato, e a vereadora de Educación de Valença, Elisabete Domingues.

Ambas delegacións atopáronse no medio da ponte onde soou unha canción sobre o río, que os cativos interpretaron de xeito conxunto, e por parte da EB de Valença fixeron entrega á concelleira de Cultura, María José González, dunha “trapicheira”. Como remate tivo lugar a solta simbólica de 131 pombas.

A Vella Ponte Internacional supuxo un fito histórico nas relacións entre as poboacións que hoxe celebran a súa cooperación internacional coa Eurocidade Tui-Valença. Erixida coma unha das maiores obras de enxeñería da época, a ponte foi proxectada polo enxeñeiro Pleayo Mancebo y Agreda e inaugurada oficialmente o 25 de marzo de 1885, substituindo as barcas que servían para comunicar as dúas beiras do Miño. Na súa construción empregáronse máis de 1.500 toneladas de ferro e a pedra dos piares chegou dende de Lanhelas, Portugal.

Pero sen dúbida, a súa maior singularidade é a de estar concibida para un triplo uso: peonil, rodado e de ferrocarril, uso que aínda hoxe mantén. Aínda que coa construción da nova Ponte Internacional perdeu tráfico rodado, hoxe é o camiño natural de unión da poboación da Eurocidade ■



Galicia-Norte de Portugal, a máis beneficiada

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou o exemplo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como referente de cooperación transfronterizra, grazas ao cal ambas rexións son as máis beneficiadas pola primeira convocatoria de Fondos Europeos Interreg V-A (POCTEP), con 45 proxectos aprobados por un importe que supera os 90 millóns de euros.



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da vicepresidenta da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento da Rexión Norte de Portugal, Ester Gomes da Silva e do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, compareceu en rolda de prensa, dando a coñecer as principais características do programa de Fondos Interreg para os vindeiros anos, -Programa Poctep-, aprobado en Faro.

Rueda indicou que nos últimos anos reforzouse a colaboración na Eurorrexión, impulsando proxectos como o Ariem, poñendo en marcha a Agrupación Europea de Cooperación Territorial GNP-AECT, elaborando un Plan de Investimentos Conxuntos para a Eurorrexión e ampliando a colaboración con outros socios, como no caso da Macrorrexión RESOE. O Programa Interreg V-A (POCTEP) é un exemplo máis de esa cooperación, no que están involucradas numerosas institucións como a Administración central, os concellos, as deputacións e, por vez primeira, tamén empresas.

O programa de Fondos Interreg V-A (POCTEP) avala a 45 proxectos de Galicia e do Norte de Portugal, nos que están representados diferentes sectores da nosa economía

Nos proxectos aprobados están representadas todas as consellerías da Xunta que participaron na convocatoria, con representación en distintos eixos e sectores de actividade, como son a xestión de residuos, a nanotecnoloxía; solucións tecnolóxicas dirixidas a incrementar a calidade dos sistemas sanitarios ao apoio e mantemento das persoas maiores no entorno rural; internacionalización das empresas da Eurorrexión á cooperación institucional; xestión conxunta en materia de emerxencias á mellora do hábitat para os peces migradores; o turismo náutico ou a conservación da Reserva da Biosfera transfronterizra.

O programa Interreg é unha das pedras angulares da política rexional europea, e ten como obxectivo fomentar o desenvolvemento rexional integrado entre rexións fronteirizas veciñas, desenvolvendo a cooperación transfronterizra, tanto a nivel económico como social, por medio de estratexias que priman a presentación de proxectos conxuntos ■

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal foi a máis beneficiada (de toda a fronteira hispano-lusa) na 1ª convocatoria do Programa de Fondos Europeos Interreg V-A (POCTEP) de cooperación transfronterizra, recibindo máis dun terzo do investimento asignado



Tributo a Rosalía e a Zeca Afonso



A Terceira Semana Cultural Convergências Portugal - Galiza rendiulle tributo do 19 ao 25 de febreiro na cidade portuguesa de Braga a Rosalía de Castro e a Zeca Afonso, de cuxo nacemento e pasamento se fan 180 e 30 anos, respectivamente. Así o deu a coñecer ao mediodía o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, nunha rolda de prensa na que estivo acompañada por Uxía, unha das artistas participantes e coordinadoras deste evento, e por representantes das entidades coorganizadoras.

“Comprácenos presentar un ano máis esta iniciativa na que Galicia se irmanda con Portugal a través de diferentes propostas culturais e musicais nas que, coma sempre, estará representada por destacados embaixadores da música, da cultura e da lingua galegas para levar ata Braga a escritora máis internacional das nosas letras, Rosalía de Castro”, sinalou o secretario xeral, quen recordou que “tras a aprobación da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía son eixos prioritarios da acción de goberno da Xunta de Galicia a promoción das relacións cos países de fala portuguesa e a

proxección internacional do noso idioma propio na lusofonía”.

Acompañárono na presentación Carlos Beiró, secretario da Fundación Rosalía de Castro; Jaime Torres, Carlos Moutinho e Filipe Cunha, integrantes do grupo portugués Canto D’Aqui (Braga); e Fernando Groba, lector do Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborou nesta Terceira Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza, que se celebrará en Braga do 19 ao 25 de febreiro, coincidindo coa semana do Día de Rosalía de Castro. En representación de Galicia, acudirán en diferentes xornadas Uxía, o dúo Clave de Fado e o grupo folk As Donicelas, así como o escritor e presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira.

A semana cultural abriuse o domingo 19 de febreiro cun concerto a cargo de Canto D’Aqui e da Banda Militar do Porto no bracarense Teatro Circo. O martes 21, o evento empraza a todos os participantes no Salón Nobre do Reitorado da Universidade do Minho cun coloquio/tertulia/poesía/momentos musicais

centrado na música tradicional na obra de José Afonso e na imaxe de Galicia en Portugal, que contará coa participación de Anxo Angueira e de Uxía.

En Clave de Fado actuou no Auditorio José Sarmento e na véspera do Día de Rosalía, o xoves 23 de febreiro, rendiuse tributo a José Afonso no Conservatorio de Música C. Gulbenkian. O propio día, Rosalía de Castro foi a anfitroia do tributo no Teatro do Liceo Sá de Miranda. O sábado 25 despediu a semana a Banda de Música de Oliveira cun concerto no Auditorio do Parque de Exposicións.

Tras a entrada en vigor, en marzo de 2014, da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía —a coñecida como Lei Paz-Andrade aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia a raíz dunha proposición de lei de iniciativa legislativa popular avalada por 17.000 sinaturas—, que ten como obxectivo aproveitar a vantaxe lingüística do galego na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, a Xunta de Galicia contempla na súa axenda de traballo accións estratéxicas de promoción das relacións cos países de fala portuguesa.

Estas accións, entre as que cómpre destacar a consecución do status de membro observador consultivo do Consello da Cultura Galega en representación de Galicia, complementáanse coas doutras que fan posible o achegamento á lingua e á cultura galegas desde os sete centros de estudos galegos cos que conta a Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia en Portugal (nas universidades do Algarve, do Minho e de Lisboa) e no Brasil (nas universidades de San Paulo, de Bahía, de Niterói e do Río de Xaneiro), respectivamente ■



La Macrorregión ante el reto demográfico

El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, incidió en la necesidad de que el financiamiento del sistema de bienestar recoja el coste real de los servicios públicos, para que todas las personas puedan acceder a ellos en condiciones de igualdad, independientemente de su edad y del lugar en el que residan.



De esta forma y durante el acto de adhesión de Cantabria a la Macrorregión de Regiones del Suroeste de Europa, Feijóo se refirió al envejecimiento de la población como la mayor amenaza a la que deben de hacer frente los territorios para mantener su modelo de bienestar.

Porque luchar contra las crisis demográfica para tratar de hacer posible que no emigren más jóvenes y que el envejecimiento y la dispersión cuenten a la hora de repartir los fondos estatales y comunitarios fue el objetivo prioritario por los seis presidentes del grupo de los "Atlánticos", que celebraron una reunión en Vigo el 15 de marzo a la que asistieron Miguel Ángel Revilla (Cantabria), Ana Abrunhosa (Centro de Portugal), Javier Fernández (Asturias), Alberto Núñez Feijóo (Galicia), Juan Vicente Herrera (Castilla y León) y Fernando Freire (Norte de Portugal).

Javier Fernández, presidente del Principado de Asturias, recurrió a Martín Codax para vestir la bienvenida a su homólogo cántabro, Miguel Ángel Revilla, a la Macrorregión de regiones

“La financiación del Estado del Bienestar debe contemplar el coste real de los servicios para que todas la personas puedan acceder en condiciones de igualdad, independientemente de su edad o donde residan”, reclamó una vez más el presidente de la Xunta de Galicia



del Suroeste de Europa (Resoe), que Galicia, Castilla y León y el Norte de Portugal fundaron en 2010 y en la que cuatro años después entraron la comunidad asturiana y las localidades del centro luso. La firma de la adhesión oficial de Cantabria en la universidad olívica “bien merecería una cantiga de amigo”, en palabras de Fernández. Porque todos se esforzaron en dejar claro que, como “amigos y vecinos”, es más lo que les une que lo que les separa. El grupo de los “Atlánticos” frente a un Mediterráneo más acostumbrado al mimo institucional. Y, naturalmente, sin olvidar su reivindicación del tren: el Corredor Atlántico para las mercancías, “un eje logístico fundamental”, según perseveró el presidente gallego Albertó Núñez Feijóo.

“La financiación del Estado del Bienestar debe contemplar el coste real de los servicios para que todas las personas puedan acceder en condiciones de igualdad, independientemente de su edad o donde residan”, reclamó una vez más el presidente de la Xunta de Galicia quien precisó que “somos el 23 % de la población peninsular, un tercio de su superficie y un cuarto de su actividad económica”. Ahora que el desafío del envejecimiento es “una cuestión de Estado” tras la cumbre del Gobierno con los responsables autonómicos para arrancar con la reforma de los criterios con los que se reparten los fondos estatales, nadie quiere que el eterno problema caiga en el olvido y advierten que estarán “vigilantes”.

“El declive demográfico es la mayor amenaza a la que deben de hacer frente nuestros territorios para mantener nuestro modelo de bienestar”, aseguró Núñez Feijóo, tras aludir el presidente asturiano, Javier Fernández, al “invierno demográfico” que padece el noroeste. Por su parte presidente castellano leonés, Juan Vicente Herrera, se refirió a la despoblación del rural y a la marcha de los jóvenes.

Precisamente los retos del envejecimiento y dispersión poblacional van a ser asuntos prioritarios entre los cinco, en los que la macrorregión del suroeste europeo divide sus trabajos y su lucha para desempolvase de la leyenda de la periferia. Y la Xunta gallega será la encargada de dirigir el grupo dedicado a la educación superior para aprovechar las sinergias entre la veintena de universidades asentadas en el territorio

de la Resoe, con una especial mención al apoyo a la Conferencia de Rectores y el programa Iacobus para la movilidad académica a uno y otro lado del Miño. Habrá otro grupo centrado en el turismo y sus oportunidades de empleo, enfocado, sobre todo, a la promoción conjunta de los caminos de Santiago; otro para avanzar en la competitividad empresarial, que tendrá como joya de la corona al sector de la automoción; y un quinto para los transportes y la logística. Pero se trataron otros asuntos de no menor trascendencia como es el del ferrocarril cuestión en la que coincidieron que es el medio del futuro. De ahí su apuesta por el Corredor Atlántico, “un eje logístico fundamental”, a decir de Núñez Feijóo, “sin que eso sea contradictorio con la defensa del Corredor del Mediterráneo”. El presidente asturiano apela a la unión por tren de Portugal hasta la frontera francesa para “anudar los grandes puertos de la fachada atlántica”. “Estamos unidos desde hace muchos siglos. Tenemos el mismo mensaje. Exactamente el mismo. Por eso estamos aquí con convicciones. La periferia ya no se mide por la distancia a la capital de un país, sino por su capacidad para cooperar con otros y situar lo compar-

tido en una sola agenda”, aseguró el presidente gallego.

La presencia en la cumbre de los presidentes de la región Norte de Portugal, Fernando Freire da Sousa, y Centro del país vecino, Ana Abrunhosa, sirvió para que la macrorregión elevase su propuesta de unidad y cooperación territorial también al ámbito europeo justo en un momento en el que varios de los líderes regionales reconocieron ayer el derrumbe que sufre las UE y su desconexión con la población.

Pero aunque la alianza del noroeste haya nacido para armarse de argumentos ante Bruselas para contar con más posibilidades de captación de financiación comunitaria, la cumbre celebrada en Vigo fue convertida por sus protagonistas en ejemplo a seguir en confrontación con las reivindicaciones independentistas en Cataluña. A este respecto, el asturiano Javier Fernández abogó por el fin de “las pugnas territoriales”, los “discursos lastimeros sobre deudas históricas”, y “los agravios comparativos”, y precisó que la macrorregión “estará vigilante” para que las nuevas financiaciones autonómicas y comunitarias no desdibujen al noroeste ■



La presencia en la cumbre de los presidentes de la región Norte de Portugal, Fernando Freire da Sousa, y Centro, Ana Abrunhosa, sirvió para que la macrorregión elevase su propuesta de unidad y cooperación territorial también al ámbito europeo

O “crecemento azul”, unha prioridade na UE

O Comité das Rexións (CdR) aprobou o 30 de marzo un ditame sobre a necesidade de desenvolver unha nova etapa para a política europea de crecemento azul. Esta proposta foi aprobada na comisión de Recursos Naturais (NAT) do CdR e está pendente de ratificación no próximo pleno deste organismo, que terá lugar en maio. O ditame recoñece que os desafíos económicos e ambientais relacionados cos mares son cada vez máis importantes no debate político internacional, o que esixe dunha política marítima transversal.

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, participou no intercambio de ideas e aprobación do documento na comisión NAT do CdR. O texto subliña que as rexións son axentes sustentables no desenvolvemento da chamada economía azul, é dicir, unha economía que pon no eixo o mar e as súas actividades relacionadas. Ao ser unha economía inscrita nos territorios, as rexións desempeñan un papel decisivo no apoio ás pemes, o desenvolvemento das infraestruturas portuarias e a política de emprego nas profesións do mar. Por iso, aínda que o balance da estratexia de crecemento azul para a nosa comunidade é polo momento positivo –a nosa comunidade investiu 27,2 millóns de euros en crecemento azul no período 2009-2016 e ten o compromiso de aumentar dito apoio, ata os 57 millóns entre 2016 e 2020–, Galicia coincide co CdR en que o próximo marco financeiro plurianual teña un enfoque máis territorial.

No ditame do CdR pídesse que o mar se converta nunha nova ambición común e sexa obxecto dunha auténtica política, como elemento

central da economía azul, aplicada a través de todos os sectores económicos. Neste sentido, o documento aprobado considera tamén necesario reforzar o apoio á I+D+i, establecendo como obxectivo no próximo programa marco que o 10% dos proxectos contribúan en gran medida á investigación mariña. Hai que ter en conta que a Comisión Europea estima que os 5 millóns de postos de traballo en Europa xerados pola economía do mar se multiplicarán nas próximas décadas, polo que o crecemento azul supón unha oportunidade para Galicia en materia de emprego.

O CdR propón ademais que os asuntos marítimos sexan obxecto de reunións semestrais dunha formación do Consello dedicada ao mar, asignalos a un vicepresidente da CE e elaborar un Libro Branco titulado “O mar no centro das políticas europeas”, que inclúa unha folla de ruta. Desta forma, a política marítima europea permitirá á UE mellorar, entre outros asuntos, a seguridade das fronteiras, a regulación do comercio marítimo, a protección da biodiversidade ou o desenvolvemento da economía azul nos distintos sectores como a pesca, o turismo e as enerxías mariñas. Para tal fin, o CdR considera

A proposta de Galicia pasa por que cada Estado membro así como cada rexión poidan decidir o destino dos fondos que lle son outorgados



que a Presidencia maltesa, así como a declaración ministerial sobre as políticas marítimas europeas que se adoptará o 20 de Abril de 2017, son a oportunidade perfecta, xa que que permitirán, cinco anos despois, renovar a declaración de Limassol.

O debate sobre unha nova etapa do crecemento azul resulta especialmente útil en vésperas do comezo das negociacións sobre o marco financeiro plurianual posterior a 2020 da Unión Europea, que definirá as políticas da UE da próxima década. O CdR destaca tamén a importancia de incluír o ámbito mariño nas negociacións do Brexit, de forma que se protexa os intereses das partes implicadas. Doutra banda, na comisión NAT presentouse un proxecto para un futuro ditame sobre gobernanza internacional dos océanos, que tamén contou con achegas da Xunta. En concreto, en Galicia considérase que a análise internacional dos océanos debe ter en conta a pesca pero tamén outras actividades conexas a este espazo e que provocan impacto no mesmo, como son o turismo ou as actividades extractivas minerais. O problema radica en que a pesca é unha das actividades económicas máis amplamente reguladas que pode derivar nunha dobre ou tripla regulación que reduce a súa competitividade.

No CdR discutiuse ademais un proxecto de ditame sobre a PAC post 2020 no que se pon de manifesto que a desertización demográfica de numerosas zonas rurais reflicte o incumprimento dos obxectivos de cohesión territorial da UE. Para solucionar esta problemática, o relator propón o deber de non exportar máis produtos a prezos inferiores ao custo de produción e que se dea apoio público á PAC, por exemplo a través de pagos directos aos agricultores. Este debate forma parte dunha gran reflexión colectiva sobre o futuro da PAC, que a Comisión acaba de iniciar ao abrir ata maio unha consulta pública respecto a política agrícola común ■

Preparando o futuro



Representantes de Galicia, das rexións Norte e Centro de Portugal, Castela e León, Cantabria e Asturias reuníronse en Valladolid para abordar a folla da ruta da macrorrexión de Rexións do Suroeste de Europa (RESOE), tras a ampliación a Cantabria o pasado 14 de marzo. No encontro tamén se acordou elaborar unha Estratexia macrorrexional.

A RESOE naceu en 2010 como unha iniciativa de cooperación territorial pioneira. Os seus obxectivos son, entre outros, gañar máis peso en Europa, ademais de aumentar as posibilidades de acceder a fontes de financiamento comunitario a través do establecemento de prioridades estratéxicas dentro do territorio que abrangue.

A reunión do Comité de xestión e seguimento centrouse na organización interna da macrorrexión RESOE e na distribución dos grupos de traballo e as súas competencias. Tamén se acordou o calendario de tarefas de cada un dos grupos, e estableceuse a folla de ruta para o vindeiro período, que inclúe a redacción dunha Estratexia macrorrexional.

Galicia continuará a liderar o grupo de educación, cultura e I+D+i. Ademais deste grupo, a macrorrexión conta con outros cinco: transporte e loxística, competitividade industrial, demografía, turismo e xuventude, e fomento do emprego.

A ampliación e consolidación da macrorrexión reforza a alianza político-institucional entre varias rexións portuguesas e comunidades autónomas españolas. A Xunta é unha firme defensora destes mecanismos, a través dos que se asocian distintas rexións para deseñar fórmulas de cooperación que redundan nunha maior eficacia e competitividade ■

Unidos polo Corredor Atlántico



Os titulares das consellerías con competencias en transportes de Galicia, Asturias, Castela e León, Ethel Vázquez, Fernando Lastra e Juan Carlos Suárez-Quñones, firmaron en Santiago unha declaración institucional de apoio e impulso á incorporación do noroeste ao Corredor Atlántico.

Galicia, Asturias e Castela e León únense pola integración do noroeste no corredor atlántico de transporte para incrementar a súa competitividade económica e capacidade loxística. Os tres Gobernos autonómicos selan a súa reivindicación común de que o trazado do Corredor Atlántico de Transporte de Mercadorías incorpore e priorice a conexión ferroviaria do actual trazado cos portos de Vigo, A Coruña, Xixón e Avilés, a través de Palencia e León

A proposta común será remitida ao Ministerio de Fomento e á Unión Europea para que se teña en conta na revisión da rede prevista para 2018. Na declaración deféndese a realización das oportunas modificacións da Rede Transeuropea de Transporte e da conexión ferroviaria coas terminais portuarias e plataformas intermodais para facilitar un reparto máis eficiente entre os modos de transporte.

Destacan a mellora das conexións loxísticas intermodais que suporía conectar coa rede transeuropea os portos básicos da Coruña e Xixón e os globais de Avilés, Ferrol e Vigo.

O que se pretende é que o Corredor Atlántico incorpore e priorice a conexión ferroviaria do seu actual trazado cos portos marítimos de

Na declaración apóiase a realización das oportunas modificacións da Rede Transeuropea de Transporte e da conexión ferroviaria coas terminais portuarias



Vigo, A Coruña, Xixón e Avilés, a través de Palencia e León. Esta iniciativa consiste en que o itinerario preferente poida complementarse pola liña de costa entre A Coruña, Avilés e Xixón co actual trazado do Corredor, creando un bucle de conexión dos portos da cornixa atlántica.

Na declaración apóiase a realización das oportunas modificacións da Rede Transeuropea de Transporte e da conexión ferroviaria coas terminais portuarias e principais plataformas intermodais co propósito de facilitar un reparto máis eficiente -económica e ambientalmente-, entre os diferentes modos de transporte, reequilibrando as posibilidades de atracción industrial destas comunidades.

Este documento contempla a consideración común de que o Goberno de España debe levar a cabo as actuacións necesarias para que a redefinición das infraestruturas propostas para os trazados da rede básica nestas comunidades, sexan culminadas favorablemente coa fin de conectar o norte e noroeste de España co Corredor Atlántico.

Estas comunidades comparten a mellora das conexións loxísticas intermodais como resultado de conectar coa rede transeuropea os portos básicos da Coruña e Xixón e os globais de Avilés, Ferrol e Vigo. Cabe destacar que estas infraestruturas moven máis do 10% das mercadorías portuarias.

Na declaración maniféstase que se conectarían con este corredor as terminais de ferrocarrís globais de Monforte de Lemos e León, así como as loxísticas da Coruña, Vigo e Asturias. O trazado desta antena cara o noroeste peninsular transcorre polas proximidades da fronteira portuguesa, xa que desde Guillerei hai menos de 10 km en tren a Portugal. Ábrese así a posibilidade de prolongar a rede básica de mercadorías ata Porto, configurándose unha verdadeira rede por ferrocarril que desde a fachada atlántica da península se comunique co resto de Europa ■



O valor e potencial das Eurociudades


AXunta de Galicia puxo en valor o potencial das Eurociudades, como a de Tui-Valença, que permiten impulsar a cooperación e dinamizar a economía ao aproveitar os recursos en común. Así o destacou o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, no transcurso dunha xuntanza de traballo cos alcaldes de Tui, Enrique Cabaleiro, e de Valença, Jorge Mendes, na que avaliaron as actividades conxuntas desenvolvidas por ambas vilas.

Neste sentido, os alcaldes destacaron a súa aposta por seguir impulsando a xestión conxunta e compartida de instalacións e funcións municipais, que evitan duplicidades e aforran custos, e continuar na liña de organización de eventos deportivos conxuntos.

Ademais, viu tamén para facer balance da cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal e dos retos que se abren para a Eurorexión na nova etapa que se iniciará proximamente, cando Galicia asuma a presidencia da comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal.

Precisamente, no encontro estudouse tamén a participación da Eurocidade de Tui-Valença no Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Ademais, ambos alcaldes comprometéronse a continuar colaborando coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e a presentar algún proxecto conxunto que beneficie á cidadanía ■





La cooperación transfronteriza, reforzada

Los gobiernos de España y Portugal, así como las organizaciones empresariales de ambos países han calificado como “proyecto estratégico” la conexión ferroviaria entre Oporto y Vigo. La declaración se realizó en el transcurso de la cumbre hispano-lusa que se celebró en Vila Real. También, los empresarios, en su plantel de propuestas para mejorar la competitividad, señalaron la conexión Oporto-Vigo, así como la salida de las mercancías ferroviarias hacia Francia y demandaron que el servicio fuera

competitivo para contribuir al desarrollo económico y a la productividad del tejido industrial.

España y Portugal han acordado en su XXIX cumbre bilateral presentar conjuntamente a la Unión Europea un programa integrado de cooperación transfronteriza. Además, han suscrito acuerdos en materia de transporte, infraestructuras, turismo, asuntos sociales y ciencia y tecnología. Ambos países contarán con tres nuevos corredores ferroviarios en 2021.

Al término de la XXIX Cumbre Luso-Española, que se ha desarrollado durante dos días y que ha culminado en Vila Real (Portugal) con la firma de una declaración conjunta, el presidente del Gobierno, Mariano Rajoy, y el primer ministro de Portugal, António Costa, han destacado que la cooperación transfronteriza ha centrado los trabajos de las delegaciones.

El jefe del Ejecutivo español ha explicado que el objetivo de esa cooperación es atender a los ciudadanos de ambos países que viven en las zonas próxi-

mas a las fronteras y mejorar su nivel de riqueza y bienestar.

En este contexto, los dos jefes de Gobierno han decidido constituir un grupo de trabajo que prepare un programa integrado de cooperación transfronteriza y presentarlo en la Unión Europea, en el marco de las nuevas perspectivas financieras para 2020. Mariano Rajoy ha señalado que se trata de “tener definidos claramente unos proyectos en nuestras fronteras” y actuar “de manera rápida y conjunta”.

El presidente del Gobierno ha destacado que los tres corredores (Sines-Lisboa-Madrid, Aveiro-Salamanca y Oporto-Vigo) van a permitir que se reduzca mucho tiempo en el transporte de viajeros y de mercancías. Además, ha calificado la colaboración entre ambos países en materia ferroviaria de “excepcional”.

El jefe del Ejecutivo español también se ha referido al incremento de las interconexiones energéticas, aspecto en el que considera que hay que seguir avanzando, en el marco de la Unión Europea.

Asimismo, Rajoy ha afirmado que ambos Gobiernos mantienen su “condena incondicional y enérgica al terrorismo” y la necesidad de seguir colaborando en la lucha contra el Daesh.

En materia europea, ambos jefes de Gobierno han intercambiado impresiones sobre la salida del Reino Unido de la Unión Europea y han hablado de la necesidad de avanzar en su proceso de integración. Rajoy ha reiterado que “es fundamental” seguir avanzando en materia de defensa, en la política exterior, en la política de seguridad, completar la unión bancaria y empezar a “hablar en serio de la unión fiscal”.

El presidente del Gobierno también ha apuntado que hay voluntad en llegar a un “buen acuerdo” con los países que conforman Mercosur: “Portugal y España están dando la batalla constantemente en la Unión Europea, creo que hay avances y podemos tener alguna buena noticia a final de este año”.

Por otra parte, en el marco de la cumbre, Mariano Rajoy y António Costa han participado en un seminario empresarial en el que se han debatido formas de dinamizar la extensa relación comercial entre los dos países ■



España y Portugal han acordado en su XXIX cumbre bilateral presentar conjuntamente a la Unión Europea un programa integrado de cooperación transfronteriza

Colaboración y cooperación fructíferas



El vicepresidente de la Xunta de Galicia, Alfonso Rueda destacó la importancia de los vínculos entre Galicia y Portugal que se traducen en una colaboración y cooperación cada vez más fructíferas en las relaciones económicas y culturais entre ambas regiones.

Alfonso Rueda, participó en los actos del “Día de Portugal”, de Camões y de las Comunidades Portuguesas, que se celebró en Ourense y al que también asistieron presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices; el vicecónsul de Portugal en Galicia, Manuel Correia da Silva; la vicepresidenta de la Comisión de Coordinación y Desenvolvemento Re-

xional do Norte, Ester Silva y el alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad.

La ciudad de Ourense fue la sede elegida para la celebración del Día de Portugal en Galicia, que ofreció un amplio abanico de actividades, que fueron desde folclore, gastronomía a la danza o artesanía, con el objetivo de la confraternización de ambos pueblos y que los ourensanos disfrutasen de las diferentes actividades que se llevaron a cabo.

En la jornada destacó la presencia de 23 cámaras municipales portuguesas coincidiendo con el Día Nacional de Portugal, y que servió para mostrar “nuestro potencial turístico, patrimonial, de servicios” y “confraternización”, a decir del alcalde ourensano, Jesús Vázquez.

El programa arrancó con la apertura de la feria de artesanía en la plaza de Bispo Cesáreo y actuaciones musicales, entre las cuales destacó el concierto de la fadista María do Ceo. También hubo una representación a cargo del grupo

de teatro “Eu Experimento”, del Centro Cultural do Camões, que interpretaron “Algumas das melhores deixas do cinema em língua portuguesa” y cine con las realizadoras portuguesas Rita Azevedo Gómes y A vingança de uma mulher.

Por su parte, el vicecónsul del país vecino en Galicia, Manuel Correia, ha destacado la amplia presencia de cámaras en esta celebración que fomentará “la amistad” entre ambos países y que incluyó más de 30 puestos de gastronomía y artesanía.

Por parte lusa estuvieron presentes las localidades de Amarante, Arcos de Valdevez, Baião, Braga, Caminha, Celorico de Bastos, Chaves, Cinfães, Marco de Canaveses, Mondim de Bastos, Montalegre, Penafiel, Ponte da Barca, Ponte da Lima, Póvoa de Varzim, Resende, Santo Tirso, Valença, Viana do Castelo, Vila do Conde, Vila Nova de Cerveira, Vila Nova de Famalicão y Vila Pouca de Aguiar ■

Un diálogo dende Galicia

“Diálogos España-Portugal” é unha iniciativa organizada polo Foro Económico de Galicia e patrocinada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e pola consultora EY que nace coa intención de converterse nun punto encontro do tecido empresarial, político, académico e social para debater sobre os desafíos económicos de ambos países. A primeira edición deste evento celebrouse no Parador de Baiona e contou coa participación, entre doutros, do Ministro de Economía da República Portuguesa, Manuel Caldeira Cabral, e da Secretaria de Estado de Economía do Goberno español, Irene Garrido.

Esta iniciativa pretende que o tecido empresarial, o persoal investigador, os xornalistas do eido económico e os representantes políticos e sociais de ambos países teñen unha contorna de traballo informal para intercambiar opinións e argumentos sobre retos e desafíos económicos similares en ambas beiras do Miño. A finalidade é que os asistentes compartiran experiencias exitosas para converxer en propostas de actuación conxuntas a escala peninsular e comunitaria. Neste sentido, a eurrrexión Galicia e Norte de Portugal representa un exemplo de colaboración e un escenario para desenvolver ese traballo de diálogo transfronteirizo, impulsado polo Foro Económico de Galicia.

A primeira edición, que se celebrou no Parador de Baiona, foi inaugurada por Salustiano Mato, reitor da Universidade; Teresa Pedrosa, delegada do Consorcio Zona Franca de Vigo e Emilio Pérez Nieto, presidente do Foro Económico de Galicia. Este último foi o encargado de dar a benvinda ao público asistente entre o que se atopaba unha nutrida representación do tecido empresarial ibérico de ambos lados da fronteira, así como representantes políticos,

académicos e xornalistas especializados. Pérez Nieto salientou o seu convencemento da necesidade deste tipo de iniciativas dende a sociedade civil, que acompañen e apoiem a iniciativa pública e, de feito, esta é unha das prioridades do Foro Económico de Galicia dende a súa creación e que agora dá o paso á súa primeira experiencia no eido internacional. Tamén incidiu na relevancia de Galicia como nexos de unión entre os dous estados en termos de continuación da construción europea e descentralización.

Pola súa banda, o reitor Salustiano Mato, lembrou que “no ADN” da universidade en xeral, e a de Vigo en particular, está “transferir coñecemento” ao tecido económico e social. Con esta finalidade resulta imprescindible fornecer procesos de “cooperación intelixente e estratexias definidas en termos de cooperación transfronteiriza”. Mato tamén sinalou a oportunidade que se albisca para o noroeste ibérico para aproveitar os momentos “tumultuosos” que se están a vivir en Europa, especialmente en canto se concrete a execución do Brexit. En concreto, chamou a liderar o espazo alternativo que se abre cara ao Atlántico en lugar da tradicional mirada ao Mediterráneo, onde o

territorio de Galicia e o Norte de Portugal pode xogar un papel referente.

Teresa Pedrosa fixo fincapé no continuo e decidido apoio da institución que preside ao coñecemento, cada máis importante no mundo globalizado actual. Ao seu entender, a globalización constitúe, ao mesmo tempo, unha “oportunidade e unha ameaza” para o crecemento empresarial, que é a base do crecemento económico dun territorio e, nesta liña, salientou o papel da eurrrexión Galicia-Norte de Portugal, así como a propia Zona Franca de Vigo que acaba de cumprir 70 anos de vida tecendo alianzas estratéxicas cos diferentes axentes económicos.

Manuel Caldeira Cabral, Ministro de Economía da República Portuguesa, foi o encargado do relatorio inaugural, no que deu conta da favorable evolución da economía portuguesa nos últimos anos, tras as dificultades económicas que fixeron necesarias a realización dun rescate económico por parte das autoridades europeas. A data de hoxe, os principais datos macroeconómicos como PIB, exportacións, número de empresas, etc. permiten, segundo o responsable económico luso, ser optimistas e mesmo están a servir de exemplo en termos



de planificación económica e política por parte de diferentes países. O ministro quixo incidir na preocupación por parte das autoridades públicas portuguesas de facilitar o financiamento de empresas (sobre todo das pequenas e medianas) para o que foi preciso traballar en dúas direccións, por unha banda, reducindo os custos e por outra parte tamén permitindo prazos de devolución máis longos. Xunto a isto acompañouse dunha reforma administrativa que facilitou trámites burocráticos para a realización de xestións, agrupando trámites e dixitalizando os procesos na procura de rapidez e transferencia.

A xornada completouse cun panel sobre competitividade empresarial e mercado ibérico, moderado polo director do Foro Económico de Galicia e catedrático da Universidade de

Vigo, Santiago Lago e no que participaron João Miranda, CEO do grupo portugués Frulact; Pedro Ferraz da Costa, presidente do Fórum para a Competitividade de Portugal; José Miguel Isidro, presidente do grupo español Europac e Juan Costa, socio de EY Global. Xa pola tarde, Marta Fernández Currás, socia directora EY Galicia, moderou unha mesa sobre estabilidade fiscal e desafíos orzamentarios, coa participación de Pablo

Hernández de Cos, director xeral de Economía e Estatística do Banco de España; Jorge Martínez-Vázquez, catedrático da Georgia State University; Ricardo Arroja, economista portugués e Antón Costas, catedrático da Universitat de Barcelona. O peche da xornada correrá a cargo da secretaria de Estado de Economía, Irene Garrido e, tras ela, o conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, clausurará o evento ■

Manuel Caldeira Cabral, Ministro de Economía da República Portuguesa, deu conta da favorable evolución da economía portuguesa nos últimos anos, tras as dificultades económicas que fixeron necesarias a realización dun rescate económico

Reforzar e impulsar o tecido empresarial da Eurorrexión

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, apostou polo fortalecemento do sector da economía social entre Galicia e Portugal para reforzar e impulsar o tecido empresarial desta Eurorrexión, durante a súa participación no Encontro de Cooperativas Galicia-Norte de Portugal celebrado en xuño en Valençá. “O cooperativismo tamén ten que estar na axenda transfronteiriza”, sinalou.

Neste sentido, avanzou que o proxecto Laces, que conta cun orzamento global de 2,9 millóns de euros e que está cofinanciado por Feder, é un programa de colaboración con Portugal no que se vai establecer unha axenda conxunta para difundir as vantaxes da economía social como marco para constituír empresas e emprego de calidade e a Eurorrexión como territorio propicio para facelo. Ademais, ten como un dos seus principais obxectivos identificar as oportunidades de negocio vinculadas a sectores emerxentes.

A través deste proxecto, desenvolveanse foros de debate, estadias de formación, bolsas de axudas e a constitución de diferentes laboratorios para realizar proxectos de emprendemento no eido da



economía social. Deste xeito, o obxectivo é facer de Galicia e Portugal un exemplo de cooperación territorial en Europa. Como mostra deste compromiso, no marco do encontro, a Consellería de Economía Emprego e Industria asinou un protocolo de colaboración coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) e coa Cooperativa Antonio Sergio para a Economía Social (Cases).

Tal e como explicou o conselleiro, o Goberno galego leva tempo impulsando

a economía social e o cooperativismo en Galicia a través da aprobación da Lei de Economía Social, que da voz a un sector que aglutina 7.000 entidades; coa creación da Rede Eusumo, formada por 191 entidades para fomentar o cooperativismo; e destinando recursos para o impulso do emprendemento colectivo -cun orzamento que este ano ascende a 5,4 millóns de euros-.

Na súa intervención, o conselleiro expresou, en nome do todo o Goberno galego e dos seus habitantes, as condolencias polo tráxico suceso do pasado sábado e tendeu a man da Xunta para colaborar en todo o que poida precisar Portugal: “Ante situacións de emerxencia como a que está a vivir Portugal, os valores de cooperación que inspiran a Eurorrexión que conformamos cobran máis forza ca nunca”, afirmou ■

A iniciativa Laces, cun orzamento de 2,9 millóns de euros, establece unha axenda conxunta con Portugal para difundir a economía social e identificar oportunidades de negocio en sectores emerxentes



A Xunta leva tempo apostando por este modelo, o cooperativismo, a través de medidas como a Lei de Economía Social ou a Rede Eusumo

Francisco Conde aposta por fortalecer o sector da economía social entre Galicia e Portugal a través do programa Laces

O desafío do cambio demográfico na UE

O Parlamento Europeo organizou o 27 de setembro unha conferencia en Bruxelas para discutir a necesidade de que a demografía sexa incluída como un criterio da futura política de cohesión. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, participou como moderador deste evento, en tanto que representante dunha comunidade comprometida con este problema e membro do Comité Europeo das Rexións.

O acto do Parlamento Europeo constou de dúas partes. A primeira consistiu nun intercambio de iniciativas entre rexións europeas afectadas polos desafíos demográficos. Nela, representantes de Castela e León, a rexión alemá de Saxonia-Anhalt e a rexión polaca de Opole expuxeron as medidas contra o despoboamento que se están a desenvolver nos seus territorios. Na segunda parte do evento, membros da Comisión, eurodeputados e académicos debateron sobre a política de cohesión post-2020, así como o papel que esta debe desempeñar para loita contra o cambio demográfico.

O cambio demográfico constitúe un importante desafío aos que se enfrenta a Unión Europea. Por iso, o órgano que representa ás rexións europeas, o Comité Europeo das Rexións (CdR), recoñece en diversos documentos que as taxas de natalidade e a diminución da poboación nova en toda Europa constitúen serias ameazas. A diminución substancial dos nacementos e un aumento xeral da esperanza de vida fan que se poidan esperar importantes modificacións da estrutura por idades da poboación europea. Esta situación fai que sexa imprescindible investir, en todos os niveis de goberno, no futuro do capital humano europeo para facer fronte ás consecuencias prexudiciais dos desafíos demográficos para as próximas décadas.

O CdR pide, así, á Unión Europea que responda de forma ampla, coordinada e integrada ás preocupacións demográficas e, por tanto, demanda unha estratexia europea para satisfacer as



necesidades das familias, abarcando os principais ámbitos políticos da UE como cohesión, innovación, saúde, emprego, desenvolvemento rural, medio ambiente e migración. Neste contexto, enmárcase o ditame sobre política de cohesión que aprobou o Comité o pasado mes de maio, contando co alemán Michael Schneider -tamén participante na conferencia de hoxe no Parlamento Europeo- como relator. Este texto sinala a importancia de que a demografía constitúa un criterio fundamental na repartición económica dos fondos da política de cohesión despois de 2020.

Galicia é unha rexión especialmente afectada polo envellecemento e o despoboamento que supón o cambio demográfico. Por iso, ademais das medidas directas como o Programa de apoio á natalidade (PAN), a Xunta de Galicia defende en Bruxelas que a demografía sexa tida en conta como un elemento

Representantes locais e rexionais, membros da Comisión Europea, eurodeputados e académicos debateron sobre un dos principais desafíos da UE

Os participantes intercambiaron opinións sobre a súa experiencia en minimizar os efectos do cambio demográfico, así como a súa visión futura deste problema

salientable no futuro de Europa. A nosa comunidade intervéñ activamente en diferentes redes e foros a nivel nacional e europeo, como a Macrorrexión de Rexións do Suroeste Europeo (RESOE) e a Rede Europea de Rexións afectadas polo Cambio Demográfico (DCRN).

Neste contexto enmárcase tamén o seminario organizado hai un ano sobre este tema polo Servizo de Investigación do Parlamento Europeo e a Fundación Galicia Europa, no que participou o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, así como a conferencia de hoxe na que Galicia interveu como moderadora. A nosa comunidade, a través do seu representante europeo Jesús Gamallo, tenta tamén que a cuestión demográfica se inclúa na maior cantidade de ditames posibles do CdR tamén que a cuestión demográfica sexa tida en conta na elaboración de todos os documentos de opinión do CdR ■

Galicia liderará o ditame sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

A comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité Europeo das Rexións (CdR) otorgou a Galicia o liderado dun ditame sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) despois de 2020.

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou nesta sesión de NAT en Bruxelas. Gamallo defendeu que o presidente Núñez Feijóo fose o responsable de elaborar este importante informe, xa que Galicia concentra o 10% do emprego europeo en materia de pesca, así como o 10% das capturas comunitarias. Ademais, a pesca constitúe un alicerce fundamental da economía da nosa comunidade, significando ao redor do 2,1% da riqueza galega e proporcionando emprego a máis de 100.000 persoas.

O FEMP é o fondo das políticas marítima e pesqueira da UE para 2014-2020. Supón un dos cinco Fondos Estructurais e de Inversión Europeos (Fondos EIE), que se complementan entre si co fin de fomentar a recuperación

en Europa a partir do crecemento e o emprego. O FEMP axuda aos pescadores na transición á pesca sustentable e con-

O Comité Europeo das Rexións (CdR) adxudicou a Galicia a redacción dun ditame sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que elaborará o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo

tribúe a que as comunidades pesqueiras diversifiquen a súa economía, mellorando a calidade de vida nestes territorios. Con 1.200 millóns de euros, España é o Estado membro que recibe máis aportacións deste instrumento.

Galicia tiña un especial interese en redactar este ditame, en tanto que constitúe a rexión europea máis beneficiada polo fondo. O FEMP contribuíu a aspectos como a obtención dun sector transformador competitivo e punteiro a nivel mundial. Ademais, ata o 2020 Galicia dispón de 487 millóns de euros de axuda pública e ten reservado o 51% dos fondos dispoñibles en España para as comunidades autónomas. Só entre 2016 e 2017 puxéronse en marcha 210 proxectos no ámbito local do sector pesqueiro mediante este diñeiro.

Por esta razón, a conselleira do Mar, Rosa Quintana, participou o na conferencia “Máis alá de 2020: o apoio ás comunidades costeiras de Europa”, celebrada en Tallin. O Goberno galego subliña a necesidade dun futuro fondo de financiamento orientado a conseguir os obxectivos da Política Común de Pesca e simplificado para facilitar a súa aplicación práctica ás administracións e pescadores. As prioridades de Galicia para o novo fondo pasan polo relevo xeracional, o apoio á organización, o mantemento da competitividade do sector transformador e a diversificación do sector nas zonas costeiras rurais.

Pola súa banda, o obxectivo da nosa comunidade é que o ditame CdR inclúa propostas de mellora para este fondo. Entre elas destaca a necesidade das axudas a empresas de alto volume de emprego ou facturación, xa que súa capacidade de impulso no eido da I+D+i ou mellora de estándares laborais pode perderse por falta de axudas. Ademais, o actual fondo xera dificultades engadidas pola tardanza en aprobar o regulamento e o programa operativo, dificultando o



O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, defendeu en Bruxelas a importancia de que Galicia fose a encargada de redactar este informe xa que é a rexión europea que conta cun maior orzamento deste fondo, así como a que máis medidas ten activadas

coñecemento dos criterios de elixibilidade.

Segundo o CdR, o ditame galego sobre o futuro do FEMP será aprobado na sesión plenaria de maio, previo debate nas reunións da comisión NAT de xaneiro e marzo. O texto sería deste xeito lanzado antes de que a Comisión Europea publique no verán de 2018 a súa nova proposta de FEMP, na que se prevé un lixeira transferencia de prioridades da Política Pesqueira Común á Política Marítima.

Tras ser chave na implementación da Política Pesqueira Común e da Política Marítima no período de programación actual (2014-2020), o debate sobre como o FEMP debe contribuír ao desenvolvemento das rexións costeiras despois de 2020 será un dos principais temas de interese europeo para Galicia o ano que vén.

Neste mandato, Galicia participa en dúas comisións do Comité das Rexións (CdR). Unha delas é a de Recursos Naturais (NAT), que traballa en asuntos como a Política Agrícola Común (PAC), o desenvolvemento rural ou a pesca.

O Comité das Rexións é a asemblea consultiva na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no director xeral de Relacións Exteriores e coa UE ■

Plan territorial de emerxencias transfronteirizas



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou o 23 de xuño en Porto nunha reunión de traballo dos socios do proxecto europeo ARIEM +, unha iniciativa de cooperación dos servizos de emerxencia de Galicia, norte de Portugal e Castela e León.

No encontro, constituíuse o comité executivo e o comité asesor do proxecto, e puxéronse as bases para acometer a primeira gran actuación dentro desta iniciativa: a elaboración dun Plan Territorial de Emerxencias Transfronteirizas.

O Plan constituirá un instrumento básico para a xestión coordinada das emerxencias que se poidan producir na fronteira. Ademais, incluírá un mapa dos medios e recursos existentes que servirá para licitar a compra, nunha segunda fase, do material e dos medios que sexan máis necesarios para reforzar os servizos.

Grazas a esta información e á futura creación dunha rede operativa de mando único, mellorarase e simplificarase a xestión conxunta e a coordinación ante posibles incidencias ou situacións de risco. Deste xeito, Galicia, norte de Portugal e Castela e León dan un paso máis na xestión conxunta das emerxencias.

O ARIEM + disporá dun investimento de máis de 4 millóns de euros, que estarán financiados ao 75 por cento por fondos europeos. Este proxecto vén a dar continuidade á unha primeira etapa -o ARIEM- que acadou resultados moi positivos e obtivo o recoñecemento das autoridades europeas como exemplo de cooperación entre rexións transfronteirizas ■

Todos os anos há mais galegos que passam o verão na Região Norte e os portugueses que fazem isso na Galiza



O Turismo do Porto e Norte de Portugal e a Agência de Turismo da Galiza aumenta de ano para ano o número de turistas portugueses e galegos entre as duas regiões.

À margem de uma ação de promoção e intercâmbio entre a Agência de Turismo da Galiza e o Turismo do Porto e Norte de Portugal (TPNP), que realizaram sua reunião em Santiago, no âmbito do Memorando de Entendimento assinado entre as partes nos finais de 2015, a diretora-geral do Turismo da Galiza, Nava Castro, declarou à agência Lusa que o objetivo da entidade é que os portugueses “conheçam os recursos singulares na Galiza” para que “ano após ano sejam muitos os turistas a visitarem a região”.



“Dentro das linhas estratégicas de promoção para nos darmos a conhecer melhor ao turista estrangeiro, um dos nossos objetivos prioritários é o português”, admitiu Nava Castro, acrescentando que a “proximidade com o país vizinho”, não se mede apenas pelos “escassos quilómetros de distância”, mas principalmente pelas “parecenças culturais”, pelas “tradições e folclore”, como também pela “gastronomia” e “vinhos”.

O presidente da TPNP, Melchior Moreira, disse, por seu lado, que uma “adequada partilha de sinergias transfronteiriças”, vai permitir ao Turismo do Norte de Portugal “aumentar a quota de mercado”, “crescer em número de turistas” e “potenciar o aumento da estada média”, gerando um “maior retorno dos investimentos realizados no âmbito dos Produtos Turismo de Natureza e Gastronomia e Vinhos”.

“Temos noção da importância de Espanha e da Galiza, em concreto, para os nossos objetivos. Mais de 60% do nosso crescimento deve-se ao mercado interno o que nos mostra a importância da concretização desta parceria”, acrescentou.

As dormidas dos turistas portugueses em hotéis na Galiza (Espanha) aumentaram 17% entre janeiro e agosto de 2017 face ao período homólogo de 2016, liderando o turismo internacional naquela região, informou o Turismo galego.

Dados do Departamento de Promoção do Turismo da Galiza indicam que entre janeiro e agosto de 2017 foram registadas “247 mil dormidas de turistas portugueses em hotéis galegos”, um valor que cresceu 17% face às 205 mil dormidas dos portugueses no mesmo período em 2016 ■



NÚÑEZ FEIJÓO, INVESTIDO DOUTOR HONORIS CAUSA POLA UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO

Unha Eurorrexión comprometida coa dinamización demográfica

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avogou por, desde a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, seguir avanzando cara á consecución dunha Eurorrexión eficiente, vertebrada e comprometida co crecemento e a dinamización demográfica

Durante o acto no que foi investido Doutor Honoris Causa pola Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Feijóo aseverou que para falar dun espazo xenuinamente común, é imprescindible ter unhas conexións que faciliten a mobilidade da poboación que, á súa vez, axudarán a potenciar a innovación e o crecemento económico. “E a vertebración do territorio e o crecemento económico contribuirán a

avanzar cara ao obxectivo estratéxico da dinamización demográfica e o envellecemento activo”, abundou, insistindo en que a Eurorrexión vai reclamar sempre ante Europa que a demografía e o envellecemento activo sexan unha prioridade política que se reflecta nas políticas de cohesión.

Para acadar estes obxectivos, o titular da Xunta subliñou a necesidade

de orientar as actividades da comunidade de traballo nunha tripla dirección: o fomento e o desenvolvemento de proxectos e propostas a prol da innovación e a competitividade empresarial, tal e como marcan as liñas estratéxicas das institucións comunitarias; o impulso da chamada cooperación de proximidade, “ou o traballo en favor da cidadanía da Eurorrexión”; e a proxección da Eurorrexión cara ao exterior, tanto na captación de investimentos, como no desenvolvemento dunha estratexia exterior conxunta no eido cultural e empresarial.

O presidente do Goberno galego matizou, ademais, que estes obxectivos previstos non se poden acadar sen o traballo coordinado entre o persoal e as autoridades tanto da Xunta como da Comisión de Coordinación e Desenvol-



Núñez Feijóo apostou polo fomento e o desenvolvemento de proxectos a prol da innovación e a competitividade empresarial, tal e como marcan as liñas estratéxicas das institucións comunitarias



O presidente galego destacou a necesidade de impulsar a chamada cooperación de proximidade, “ou o traballo en favor da cidadanía da Eurorrexión” e propuxo a proxección da Eurorrexión cara ao exterior, tanto na captación de investimentos, como no desenvolvemento dunha estratexia exterior conxunta no eido cultural e empresarial

vemento Rexional do Norte de Portugal, xunto cos concellos da Eurorrexión –e nomeadamente as eurociudades– e, naturalmente, coas administracións centrais de España e de Portugal.

Así mesmo, expuxo a importancia da competencia leal entre Galicia e o Norte de Portugal, xa que “a competencia é un importante incentivo para sacar o mellor de nós”, dixo, insistindo en que a lealdade fará que sexamos complementarios e que o crecemento dun implique tamén o crecemento para o outro.

Ademais dos investimentos centrados no crecemento intelixente, na innovación e no futuro, a través da convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), Feijóo salientou que hai outros moitos eidos nos que Galicia e o Norte de Portugal seguirán traballando conxuntamente, entre os que destacou: o institucional e académico, e o lingüístico.

Así, precisou que ata o ano 2019 a Eurorrexión xestionará un proxecto do programa Interreg, un instrumento europeo pensado especialmente para

rexións fronteirizas, cuxos eixos son: a mellora da capacidade institucional; o crecemento sólido e sostido dos sectores económicos que redunde na calidade de vida da poboación; e a creación dun espazo común entre as universidades e os centros de ensino superior da Eurorrexión, cunha mención especial ao programa Iacobus.

Feijóo referiuse tamén á Lei Paz Andrade, que seguirá a ter unha relevancia singular. Non en van, os seus propósitos resúmense na presenza do idioma de Luís de Camões en ámbitos académicos, profesionais e administrativos de Galicia, sen esquecer a presenza da realidade galega na RTP e da realidade portuguesa na Televisión de Galicia. E mencionou a inclusión como observador do Consello da Cultura Galega na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, así como a presenza de Santiago de Compostela na rede de cidades lusófonas.

Se ben a Eurorrexión puido ficar nunha fase meramente declarativa, Feijóo resaltou que en ambos os territorios sempre existiu unha vontade firme de que fose unha ferramenta eficiente.

“Na nosa Eurorrexión conflúen varios afluentes”, afirmou, subliñando: o desexo popular por transcender fronteiras arbitrarias; o impulso de pensadores, artistas e intelectuais que se esforzaron por tecer complicidade entre ambos os dous lados da liña divisoria; a decisión de España e o Portugal democráticos de reencontrarse na liberdade; e a existencia de Europa como marco propicio para as novas realidades, reconciliacións e encontros.

“Xorde así un espazo que rolda os 6,5 millóns de habitantes, no que Galicia é a primeira comunidade española cliente de Portugal e a terceira provedora e no que a Rexión Norte de Portugal é o segundo cliente de Galicia. Un espazo, en definitiva, dotado dunha superficie superior ao de varios socios comunitarios e que forma un mercado atractivo dabondo para empresas propias e alleas”, precisou.

Ademais de recordar os primeiros pasos da Europa rexional e transfronteiriza, Feijóo aproveitou a súa intervención para manifestar a súa fe nela; “na Europa que reconcilia moitos pobos, e a outros como os nosos, que nunca deixaron de estar conciliados, proporcionalles un fogar común onde poder sumar identidades e ser galegos, españois, portugueses e europeos sen traumas nin rupturas”.

Ao respecto, lembrou que será Europa a que faga posible que as pontes entre Galicia e o Norte de Portugal se multipliquen e ambas as identidades se enriquezan mutuamente. “Europa crea un patriotismo aberto sen canons nin ortodoxias, semellante ao que anhelaban os nosos arraianos”, sentenciou, incidindo en que Galicia e o Norte de Portugal comparten unha das fronteiras máis antigas de Europa, e tamén unha das fronteiras máis ficticias e porosas ■

Famalicão é o campeão das exportações do Norte



Famalicão, Guimarães, Braga e Viana do Castelo encontram-se na lista dos oito concelhos do Norte de Portugal que concentram metade das exportações da região, tendo por base um relatório da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N), divulgado por jornal digital “O Minho”.

No estudo, relativo ao ano de 2016, Vila Nova de Famalicão mantém a posição de concelho mais exportador da região Norte, com 9,5% do total das exportações, seguido pela Maia, com 7,1%, e Guimarães, em terceiro, empatado com Vila Nova de Gaia, com 6,8%. Santa Maria da Feira fecha o top 5, com 6,4%.

O concelho de Braga (5,4%) surge logo a seguir, na sexta posição. Viana do Castelo é o sétimo concelho do Norte no ranking das exportações, em 2016, igualando o Porto, com 5,1% do total das vendas para o exterior.

Metade dos municípios do Norte “praticamente” não exportou em 2016, ano em que as empresas da região venderam para o estrangeiro mercadorias no valor global de 20,5 mil milhões de euros, conclui o relatório “Norte Estrutura” divulgado.

“Em grande parte do território da região Norte, a atividade exportadora é meramente residual”, pode ler-se no documento elaborado pela Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N) segundo o qual em 2016 “mais de metade” do valor das exportações de mercadorias do Norte foi feito em oito dos 86 municípios da região.

Segundo o relatório, que identifica as tendências que marcam a evolução económica na região a médio e longo prazo, o resultado de Famalicão é parcialmente explicado pela localização naquele concelho da Continental Mabor – Indústria de Pneus.

Estes oito municípios, que concentram 51,5% das exportações da região, situam-se no litoral da região, o que, para o presidente da CCDR-N, Fernando Freire de Sousa, “não é novidade”, nem um resultado necessariamente negativo para o interior.

“A vocação de alguns municípios não passa necessariamente pela

O Norte tem reforçada a sua importância enquanto principal plataforma regional de internacionalização da economia portuguesa, pela via do comércio de bens

exportação”, assinalou o responsável à Lusa, lembrando a “dinâmica solidária da divisão do trabalho” na região, com “zonas com vocação mais de mercado interno”.

O relevante é, pois, o “bom desempenho nacional resultante do bom desempenho do Norte”, uma região “mais aberta à exportação” do que o resto do país, ao representar mais de 40% das exportações nacionais.

Só em 2016, as empresas com sede na região do Norte exportaram

mercadorias no valor global de 20,5 mil milhões de euros e realizaram importações no montante de 14,7 mil milhões de euros, gerando um excedente de cerca de 5,8 mil milhões de euros, segundo dados provisórios do Instituto Nacional de Estatística referidos no relatório.

Ainda segundo o documento da CCDR-N, após a crise internacional de 2008 e 2009, a atividade exportadora do Norte “foi capaz de reagir muito rapidamente e desde então tem registado uma trajetória de crescimento continuado”, à taxa média de 5,9% ao ano entre 2013 e 2016.

O Norte tem, assim, “visto reforçada a sua importância enquanto principal plataforma regional de internacionalização da economia portuguesa, pela via do comércio de bens”, sendo a Espanha o principal parceiro comercial da região no comércio internacional de mercadorias.

Em termos de produtos, a fileira têxtil-vestuário dominou o perfil

exportador da região, sendo responsável por quase um quinto do valor total de exportações. Seguem-se produtos da fileira automóvel, máquinas e aparelhos e produtos da fileira florestal.

Sapatos de couro, pneus, t-shirts, rolhas de cortiça, bancos de automóvel e escapes para automóvel são os produtos característicos mais exportados pelas empresas do Norte, destacando Freire de Sousa que “a área automóvel e material de transporte tem um peso muito significativo na exportação nacional”, sendo que este setor “corresponde a 17% das exportações do Norte”.

No próprio relatório lê-se que “a totalidade das quatro sociedades mais exportadoras da região do Norte em 2016 [Continental Mabor, Bosch Car Multimedia, Faurecia – Sistemas de Escapes e Faurecia – Assentos de Automóvel] são empresas industriais que produzem e exportam produtos da fileira automóvel!” ■



Feijóo define a Cavaco como “cooperador leal”



El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ha proclamado, en la entrega de las Medallas de Oro de Galicia, que la Comunidad “se hace grande con la unidad”, al tiempo que ha ensalzado el “patriotismo legal y constitucional” que “da forma a los estados más libres y avanzados” y ha prevenido de las “consecuencias” que se producen cuando “el mundo oscila hacia el nacionalismo desaforado”.

Feijóo ha pronunciado estas palabras en el acto solemne de entrega de las distinciones otorgadas al expresidente y exprimer Ministro luso Aníbal Cavaco Silva; a la empresaria Isabel Castelo D’Ortega y Cortés; al presidente del Consejo de Estado, José Manuel Romay Beccaría; y al concejal de Ermua asesinado por ETA Miguel Ángel Blanco, cuyo galardón –a título póstumo– fue recogido por su hermana.

En su intervención, Feijóo también ha recordado que, “frente a modernas rebeldías” que “no suponen riesgo o amenaza para sus autores”,

Miguel Ángel Blanco “y otros tantos como él” se “rebelaron contra el terror, poniendo en riesgo su vida” y llegando a perderla.

“En su nombre, queremos resumir las biografías de todos los que cayeron defendiendo una España, un País Vasco, una Galicia libres”, ha aseverado.

El Museo del Centro Gaiás de la Cidade da Cultura ha sido un año más la sede de la gala de entrega de las Medallas de Galicia 2017, reconocieron al edil popular de Ermua asesinado por ETA Miguel Ángel Blanco, el expresidente luso Aníbal Cavaco

Silva, el presidente del Consejo de Estado, José Manuel Romay Beccaría; y la empresaria Isabel Castelo.

El acto, que se celebró en la víspera del “Día de Galicia” y cuando se cumplen cuatro años del accidente ferroviario de Angrois, empezó a las 13,00 horas en el complejo cultural de Santiago de Compostela.

Las Medallas de Oro de Galicia son el máximo reconocimiento que el Gobierno autonómico entrega a personalidades o colectivos cuya trayectoria ve “comprometida” con la comunidad, toda vez que su actividad “honra” a Galicia. El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunció los nombres de los galardonados el pasado 13 de julio al término de la reunión semanal de su Ejecutivo.

Durante el anuncio de la lista

Feijóo, tras subrayar que Cavaco Silva es uno de los políticos que más contribuyó a perfilar el país en la era democrática, ha recordado que el expresidente luso siempre tuvo claro que Galicia y Portugal debían “estrechar lazos”

de premiados, Feijóo incidió en que Miguel Ángel Blanco es “un símbolo de libertad y de la democracia”, un hombre “valiente”, que no dudó “en defender la libertad en un tiempo de terror”, y que la entrega de la Medalla de Galicia reconoce a todas las víctimas del terrorismo.

Feijóo, tras subrayar que Cavaco Silva es uno de los políticos que más contribuyó a perfilar el país en la era democrática, ha recordado que el expresidente luso siempre tuvo claro que Galicia y Portugal debían “estrechar lazos”. De hecho, bajo su Presidencia, destacó que se fortaleció la cooperación transfronteriza. “Reconocemos así a un cooperador leal, a un dirigente sensato, a un amigo de Galicia”, afirmó ■



El acto conto con una nutrida concurrencia

O Norte resistiu melhor à crise

As sociedades da Região do Norte foram as que apresentaram o melhor desempenho económico em todo o país entre 2008 e 2015, expressando uma maior dinâmica num conjunto de indicadores como o pessoal ao serviço, o valor acrescentado bruto, o volume de negócios, os gastos com o pessoal e a produtividade do trabalho. A conclusão consta da publicação “NORTE ESTRUTURA – edição Verão de 2017”, vocacionada para a análise de tendências de médio e longo prazo da Região do Norte, em particular no contexto nacional.

Os Governos de António Costa e Mariano Rajoy estiveram reunidos durante dois dias, no Douro e em Vila Real, e finalizaram o encontro com a assinatura de oito textos, entre eles, um tratado sobre a linha de fecho da foz dos rios Minho e Guadiana.

Assinado pelos ministros dos Negócios Estrangeiros, Augusto Santos Silva, e pelo ministro dos Assuntos Exteriores e de Cooperação de Espanha, Alfonso Dasti, este tratado foi considerado “particularmente relevante”.

Segundo o texto, “ao estabelecer as linhas que separam as águas interiores do mar territorial nas desembocaduras do rio Minho e do rio Guadiana e ao definir os troços internacionais dos dois rios, delimita as fronteiras (marítimas) dos dois países, o que traz, naturalmente maior segurança jurídica em termos de legislação potencialmente aplicável”.

A delimitação das linhas de fecho dos dois rios tem também influência na delimitação da zona económica exclusiva.

A nível do turismo foi assinado um protocolo de colaboração que visa a valorização da fruição turística e a promoção conjunta dos Caminhos de Santiago e dos Caminhos de Fátima, ainda dos espaços e parques naturais e do enoturismo de Portugal e Espanha em mercados intercontinentais estrategicamente relevantes para ambos os países.

Os dois governos fizeram ainda uma declaração conjunta para o reforço da cooperação científica e tecnológica, que prevê o desenvolvimento de um programa de investigação e desenvolvimento (I&D), formação avançada e reforço de infraestruturas científicas e tecnológicas centrado no Atlântico.

Esta declaração pretende ainda o estabelecimento de uma rede de centros de investigação para o Mediterrâneo, o desenvolvimento de um roteiro ibérico de infraestruturas científicas, o reforço das ligações transfronteiriças em fibra ótica entre as redes de investigação e ensino dos dois países e o reforço do Laboratório Ibérico Internacional de Nanotecnologia (INL).

Os Governos estabeleceram também um memorando de entendimento nas áreas da ciência e tecnologia espaciais, que pretende estimular novas indústrias do espaço com ênfase na produção e utili-

zação de dados de pequenos satélites, sobretudo destinados à observação do Atlântico, promovendo novos modelos que contribuam para a gestão sustentável através da iniciativa do Centro Internacional de Investigação para o Atlântico-AIR Center.

Na área das infraestruturas de transporte transfronteiriças, foi assinada uma declaração de intenções que estabelece compromissos para o desenvolvimento das principais ligações, sendo conferida prioridade ao investimento nas redes ferroviárias.

Neste aspeto, os executivos realizaram os avanços coordenados no desenvolvimento das ligações ferroviárias Sines -- Lisboa / Caia -- Madrid -- Irún, Aveiro -- Vilar Formoso / Fuentes de Oñoro -- Salamanca -- Medina del Campo -- Irún e Porto -- Vigo.

Por sua vez, o memorando de cooperação e assistência técnica em matéria de emprego e assuntos sociais, para o período 2017-2018, visa reforçar a cooperação entre os dois países na área da segurança social, do emprego, da formação profissional e das condições de trabalho.

Nesta matéria, serão realizadas ações conjuntas das inspeções de trabalho dos respetivos países, identificados défices e excedentes de mão-de-obra que possam gerar fluxos de mobilidade transfronteiriça, divulgadas ofertas de emprego e realizadas ações de formação e estágios transfronteiriços.

No âmbito desta cimeira, foi ainda assinada uma declaração do Conselho Luso-espanhol de Segurança e Defesa e uma declaração conjunta entre o Ministério da Administração Interna e o Ministério do Interior para o reforço da cooperação policial transfronteiriça.

Os governantes luso-espanhóis terminaram a 29ª cimeira, no Palácio de Mateus, em Vila Real, depois de, no primeiro dia, os trabalhos terem decorrido a bordo de um navio, que desceu o rio Douro de Espanha para Portugal ■



A XXIX CIMEIRA LUSO-ESPANHOLA REALIZOU-SE EM VILA REAL, NOS DIAS 29 E 30 DE MAIO 2017, E FORAM ASSINADOS VÁRIOS ACORDOS ENTRE OS DOIS PAÍSES EM ÁREAS COMO A ENERGIA, INFRAESTRUTURAS E O AMBIENTE

GNP, AECT aposta em novo setor

A Euroregião Galicia – Norte de Portugal (AECT), realizou em parceria com a Associação Nacional de Empresas Florestais, Agrícolas e do Ambiente (ANEFA) de Portugal, e a Asociación Galega de Empresas de Xardinería (Agaexar) da Galiza a Jornada “As alterações climáticas em espaços verdes públicos”, no dia 23 de novembro, no Auditório da Biblioteca Almeida Garrett, no Porto.

As três instituições envolvidas nesta ação, assinaram um protocolo de cooperação conjunta e esta Jornada é tida já como um exemplo de boas práticas daquilo que o setor pretende realizar para o futuro.

Este encontro debateu os temas de importante relevo para este setor, tais como: **Guidelines para a construção e gestão de espaços verdes sustentáveis; Critérios ecológicos na manutenção em espaços públicos; As espécies infestantes e invasoras em espaços verdes públicos ; Os Herbicidas e as soluções alternativas; Os serviços ecossistémicos da floresta urbana; As Podas rurais em espaços públicos e a Avaliação de risco do setor.** Ainda, os cerca de 120 participantes tiveram a oportunidade de visitar os Jardins do Palácio de Cristal.

Tanto a AECT como AGAEXAR e ANEFA continuarão a manter colaborações com base ao protocolo assinado, pelo que proximamente esperam-se poder anunciar novas actuações relacionadas com o setor.





ENTREVISTA AL PRESIDENTE DE SOGAMA

Javier Domínguez Lino

- 2017 escribirá una nueva página en la historia de Sogama. A su 25 aniversario se ha sumado el inicio de las obras de ampliación de su infraestructura industrial. Dos hitos que no han pasado desapercibidos. Empezamos por el primero.
- Efectivamente. El pasado mes de mayo cumplimos 25 años al servicio de Galicia y, con tal fin, organizamos en nuestra sede de Cerceda (A Coruña) una exposición conmemorativa a través de la cual hemos hecho un recorrido por los acontecimientos más destacados a lo largo de este tiempo. Imágenes, relatos y fotografías plasmadas en paneles secuenciados estratégicamente y que acreditan, con evidencias y datos irrefutables, la labor de una empresa pública creada para mejorar el medio ambiente y la calidad de vida de los ciudadanos. De un escenario asolado en la década de los 90 por 300 vertederos municipales y más de 3.000 focos de vertido ilegal, hemos conseguido gestionar correctamente la basura en un centro de tratamiento vanguardista y modélico, posibilitando la regeneración de los espacios degradados. Y ello ha sido posible, por encima de todo, gracias a los gallegos que han

confiado en nosotros. Ellos son los artífices y verdaderos protagonistas de este logro.

- Entendemos que la ampliación de Sogama ha sido una decisión muy meditada y que obedecía a una necesidad que ya se venía constatando desde hace años.
- El éxito de nuestro sistema ha sido tal, que se ha quedado pequeño para atender la demanda. Si bien hubo una cierta contestación social en sus orígenes, fruto sobre todo del desconocimiento y la desinformación por parte de determinados grupos, lo cierto es que el tiempo nos ha colocado en el lugar que nos corresponde. Prueba de ello es que, a día de hoy, gestionamos los residuos urbanos producidos por 294 ayuntamientos gallegos (el 94% del total), atendiendo a una población superior a los 2.260.000 habitantes. Sin lugar a dudas, un cometido que requiere, por encima de todo, de buena gestión, capacidad de coordinación, liderazgo, disciplina, eficiencia e innovación. Sin estos ingredientes, es difícil sacar adelante una empresa de esta envergadura. Y cuando esto se consigue, nos enfrentamos a nuevos retos y la ampliación, a la que destinaremos cerca de 30 millones de euros, es

uno de ellos. Nuestro complejo cuenta con una capacidad nominal para tratar un máximo de 550.000 toneladas anuales de residuos y recibimos cerca de 800.000. Las cifras hablan por sí solas y es por ello que pondremos en marcha una nueva planta para la selección de los envases contenidos en la basura en masa y remodelaremos la actual nave de reciclaje, tratamiento y elaboración de combustible. Ello nos permitirá llegar hasta 1 millón de toneladas anuales y garantizar, si fuese el caso, el tratamiento de todos los residuos urbanos producidos en Galicia, además de incrementar nuestra aportación al reciclaje, que multiplicaremos por cuatro, y reducir el vertido a mínimos. En definitiva, un claro ejemplo de economía circular: convertir los residuos en recursos.

- El compostaje parece que ya ha encontrado hueco en la agenda de Sogama.
- Nosotros llevamos trabajando en el compostaje doméstico desde hace años. De hecho, contamos con 230 entidades adscritas al mismo, habiendo repartido ya cerca de 7.400 compostadores. Con ello queremos contribuir al reciclaje de la materia orgánica en

los hogares y ayudar a los ayuntamientos a conseguir importantes beneficios ambientales, económicos y sociales. Pero, no satisfechos con este proyecto, también nos hemos iniciado en la aventura del vermicompostaje para ver cómo funcionan las lombrices de tierra y comprobar si esta modalidad puede tener proyección en Galicia. Y, además, hemos construido una planta de compostaje industrial para 15.000 toneladas/año, que dará servicio a los ayuntamientos limítrofes y de la que extraeremos alrededor de 3.000-4.000 toneladas de compost de buena calidad. Con esto quiero decir que el compostaje sí está presente en Sogama

como un ingrediente más de su modelo.

- Resulta extraño que la valoración energética cuente en España con ciertas reticencias y, sin embargo, esté totalmente asentada en otros países europeos.**
- Sí, resulta curioso, pero creo que es un problema cultural por encima de todo. En los países del norte de Europa las plantas de valoración energética están ubicadas en el centro de las ciudades, permitiendo suministrar calor y electricidad a las comunidades vecinas a partir de los residuos no reciclables. Hay más de 500

instalaciones de estas características en la UE (11 en la península ibérica) y si algo las distingue es su robustez, bajas emisiones y riguroso cumplimiento de la legislación vigente, siendo las infraestructuras industriales más vigiladas y controladas. Lamentablemente, en España son todavía las grandes desconocidas y sobre las mismas pesa cierta confusión, interesada muchas veces, y que acaba generando cierta desconfianza infundada. Nos queda todavía mucho trabajo pedagógico por hacer.

- Están participando en un proyecto Interreg de Cooperación Transfronteriza para la mejora de la gestión de los residuos orgánicos. Háblenos de esta iniciativa**
- Lleva por nombre Res2ValHum y está enmarcado en el programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, siendo su objetivo poner en valor los residuos orgánicos, y no sólo mediante aplicaciones agrícolas y de remediación de suelos, sino incluso cosméticas y terapéuticas, evitando así su vertido. Se encuentra bajo el liderazgo de la Universidade do Minho y en el mismo actúan como socios, por parte portuguesa, CVR (Centro de Valorización de Residuos), LIPOR (Servicio Inter municipalizado de Gestión de Residuos de Grande Porto) y BRAVAL (Valorización y Tratamiento de Residuos Sólidos, S.A), y, por parte gallega, la Universidad de Santiago de Compostela, CVAN (Centro de Valorización Ambiental del Norte, S.L) y Sogama. Cuenta con un presupuesto superior a los 2 millones de euros y estará en vigor hasta septiembre de 2019.

Creo que es una magnífica oportunidad para estrechar lazos con nuestros vecinos portugueses y trabajar conjuntamente en un fin común: mejorar la gestión de los residuos a ambos lados de la frontera para hacerla más sostenible ■



INL: Um exemplo paradigmático de cooperação

LARS MONTELIUS, INL

O Laboratório Ibérico Internacional de Nanotecnologia (INL) é um laboratório transfronteiriço de investigação e desenvolvimento tecnológico (DT), sendo a primeira organização de investigação no campo da nanotecnologia com natureza mundial e a única com estas características até ao momento.

O INL é financiadas conjuntamente e em partes iguais pelos governos espanhol e português. A sua infraestrutura científica foi financiada pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional (FEDER). Mais precisamente, foi o Programa Operacional de Cooperação Transfronteiriça Espanha-Portugal (POCTEP 2007-2013) que cofinanciou a construção do INL.

Valor acrescentado para o desenvolvimento da cooperação transfronteiriça

A missão do INL consiste em transformar o conhecimento e os resulta-

dos alcançados no domínio da IDT em produtos inovadores e serviços benéficos para a sociedade, fornecendo uma vantagem competitiva para a indústria local.

O INL pretende estar na vanguarda das atividades de transferência de conhecimento, facilitando e acelerando a transferência de produtos e tecnologia inovadores para a indústria e trabalhando em estreita proximidade com os parceiros industriais. A sua natureza temática - baseada na nanotecnologia - reflete a diversidade



dos campos de investigação abordados, tais como a saúde, alimentação, ambiente, energia, nanoelectrónica e TIC - que fornecem uma ampla gama de aplicação nos vários setores de actividade económica industrial.

O INL tem uma cadeia de valor que inclui a gama completa de atividades necessárias para colocar um produto no mercado, desde o momento da criação de uma ideia, passando pelas diferentes fases de análise e proteção, até à introdução do produto no mercado.

O INL é verdadeiramente orientado para a exploração comercial dos resultados de IDT na estrutura industrial transfronteiriça, contribuindo deste modo para aumentar o potencial de inovação nas regiões de fronteira.

Devido ao seu modelo de negócio, à sua estrutura e capacidade de investigação e inovação, o INL contribui verdadeiramente para a consolidação dos diferentes tipos de atores do sistema regional de inovação transfronteiriço (empresas, universidades, centros tecnológicos, parques de ciência e incubadoras de tecnologia, associações, instituições financeiras e agências do governo). O INL contribui para promover redes entre vários atores presentes nos sistemas de inovação regional transfronteiriça, e, em particular, as empresas. Todas estas ações vão no sentido de tornar as regiões fronteiriças mais atrativas em termos de capacidade de IDT em nanotecnologia, aumentando o seu potencial de inovação e investigação e contribuindo, deste modo, para a atração de investimento estrangeiro.

O INL foi parceiro no NANOVALOR, projeto de cooperação transfronteiriça entre o Norte de Portugal e a Galiza que visava identificar indústrias, competências de investigação, habilitações e capacidades. O projeto incluía parceiros de ambos os lados da fronteira, como as associações de transferência de tecnologia e as universidades.

Mais recentemente, no âmbito do programa de financiamento INTERREG V-A España-Portugal 2014-2020, o INL participa nos seguintes projetos:

- **Nanogateway:** uma plataforma transfronteiriça para a promoção da investigação, desenvolvimento tecnológico e inovação no domínio da nanotecnologia. Este projeto visa implementar uma estratégia e um plano de ação que permitirão desbloquear o potencial da nanotecnologia e criar uma nova abordagem colaborativa entre os vários atores da cadeia de valor. Neste projeto o INL vai unir forças com instituições regionais para capacitar as instituições académicas e centros de investigação para o desenvolvimento de projetos colaborativos de IDT relacionados com produtos e soluções de base nanotecnológica.
- **CÓDIGOMÁIS:** O objetivo central consiste em fortalecer o ecossistema transfronteiriço de inovação Galiza-Norte de Portugal no sector da saúde, de acordo com o modelo da hélice quádrupla e com a investigação orientada para o mercado. São prosseguidos três objetivos específicos:

➤ Promover o fluxo de informações entre procura e oferta de soluções tecnológicas e a cooperação entre centros de investigação, administração regional, empresas e utilizadores finais.

➤ Aumentar a IDT orientada para o mercado.

➤ Promover a internacionalização do ecossistema de saúde Galiza-Norte de Portugal.

- **NANOEATERS -** Valorization and transfer of NANOTEchnologies to EARly adoptERS of the Euro-region Galicia-Norte Portugal: O NANOEATERS é uma rede de centros de investigação com o objetivo de apoiar as empresas “early adopters” na aplicação de novas soluções baseadas na nanotecnologia. Empresas, universidades e centros de tecnologia trabalharão em conjunto com o INL na definição de novos produtos e/ou serviços de base nanotecnológica. As tecnologias alvo do projeto vão oferecer respostas eficazes para os pontos fracos detetados na estratégia de especialização inteligente transfronteiriça (RIS3T) entre a Galiza e o Norte de Portugal, contribuindo para a superação dos grandes desafios sociais relacionados com a saúde, monitorização ambiental, segurança alimentar, eficiência energética e indústria 4.0 ■

ALTO MINHO VS GALIZA: PELO PRIVILÉGIO DE CONTINUARMOS A VIZINHAR

CIM do Alto Minho

A fortíssima relação entre as instituições e populações da Galiza e do Alto Minho, naquela que é de longe a fronteira portuguesa com maior intensidade de fluxos transfronteiriços (com 47% dos fluxos de veículos ligeiros entre Portugal e Espanha), tem uma notável tradição histórica, sendo frequentes os casos em que galegos e alto-minhotos solicitaram aos respetivos monarcas o privilégio de “vizinharem uns com os outros”.

O reconhecimento desta relação transfronteiriça especial entre o Alto Minho e a Galiza procurava salvaguardar não apenas os riscos de quebra da intensa colaboração comercial (prejudicando naturalmente os direitos fiscais da Coroa), mas, também, incrementar as relações galai-co-minhotas que abrangiam inúmeras situações familiares, dados os frequentes casamentos entre pessoas dos dois lados da fronteira e a necessária circulação de pessoas e bens.

Nos dias que correm a cooperação transfronteiriça continua a ter uma importância decisiva para o Alto Minho. Com efeito, o Alto Minho possui um mercado de proximidade de mais de 3,5 milhões de pessoas a

menos de 60 minutos, abrangendo, entre outros, a Área Metropolitana do Porto, a sul; o eixo urbano de Braga/Guimarães, a leste; e a Área Metropolitana de Vigo (Galiza-Espanha), a norte. Assim, a menos de 60 minutos do Alto Minho existem quer equipamentos e infraestruturas chave da rede de transportes europeia e nacional (Aeroportos Internacionais, Portos da Rede Transeuropeias de Transportes, infraestruturas rodoviárias modernas e eficazes), quer instituições de ensino superior e de investigação de referência internacional (entre as quais 3 universidades na lista das 400 melhores do mundo – Porto, Minho e Vigo), quer sectores de especialização com assinalável intensidade tecnológica e potencial de internacionalização, quer ainda o itinerário turístico-cultural mais antigo e mais percorrido da Europa (o Caminho de Santiago).

Para valorizar este notável território de oportunidades para a cooperação transfronteiriça, a CIM e Municípios do Alto Minho apostaram, no contexto na primeira convocatória do INTERREG VA Portugal – Espanha, nas seguintes três prioridades de investimentos:

1. Valorização do Turismo Náutico & Natureza, prioridade que representa 34% do orçamento aprovado para a CIM Alto Minho, a assegurar através da concretização dos projetos “0217_ECOCODES-TIN_3IN_1_E”, “0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P” e “0358_GEOARPAD_1_E”;
2. Qualificação de Serviços Públicos Transfronteiriços, prioridade que representa 42% do orçamento aprovado para a CIM Alto Minho, abrangendo projetos nos domínios da gestão da proteção civil (0373_ARIEM_PLUS_6_E), das águas e saneamento (0060_AQUAMUNDAM_6_E) e do emprego qualificado (0345_GEMCAT_6_E);
3. Capacitação Institucional para a Cooperação Transfronteiriça, prioridade que representa 24% do orçamento aprovado para a CIM Alto Minho, envolvendo a cooperação do Alto Minho com territórios e atores das Deputacions de Pontevedra (0256_SMART_MINO_1_E, o qual terá um papel decisivo na dinamização das ações do futuro AECT do Rio Minho) e de Orense (0230_CTC_LIMIA_LIMA_CAVADO_1_P, projeto que envolve igualmente a CIM do Cávado, do lado português).

Estamos certos de que, com a ajuda de todas as instituições da Galiza e do Norte de Portugal, conseguiremos, através dos presentes projetos, dar um contributo efetivo não apenas para desenhar o futuro da cooperação transfronteiriça na EuroRegião, mas, sobretudo, para concretizá-lo. Porque, como alguém dizia, sabedoria é saber o que fazer, mas virtude... é fazer ■

Cerveira-Tomiño viver um espaço naturalmente comum

FERNANDO NOGUEIRA

PRESIDENTE DA CÂMARA MUNICIPAL DE VILA NOVA DE CERVEIRA

Pela proximidade geográfica e socio-cultural, Vila Nova de Cerveira e Tomiño estão a potenciar o fenómeno transfronteiriço, apresentando-se como um símbolo da cooperação europeia que valoriza o fortalecimento da identidade e o sentido de pertença comum.

A consolidação das relações transfronteiriças é encarada, entre Vila Nova de Cerveira e Tomiño, como um dos meios para atingir um desenvolvimento sustentável, inovador e inclusivo.

Desde 2014 - momento que formalizamos a “Agenda Estratégica para a Cooperação Transfronteiriça Amizade Cerveira-Tomiño”, projeto entretanto cofinanciado pelo Programa Interreg V A-, que procuramos um crescimento sustentável do território com repercussões positivas na melhoria da qualidade de vida e da coesão social da população deste espaço comum. A estratégia aplica-

da passa pela articulação das potencialidades de um recurso comum como é o rio Minho, na preservação e promoção inteligente dos seus valores naturais, culturais e etnográficos, e na partilha e otimização dos equipamentos e serviços públicos de utilização, dos recursos humanos económicos num programa de cooperação virado ao futuro, que conduza ao esbatimento das assimetrias ainda existentes, a um desenvolvimento territorial coeso e, conseqüentemente, para uma efetiva “desfronteirização”.

Todas as políticas públicas devem ser realizadas para a cidadania, prestando atenção às suas opiniões e expectativas. Sendo laboratórios para a integração, os projetos transfronteiriços devem ouvir a opinião dos moradores das áreas envolvidas na cooperação em ambos os lados das fronteiras. E é nesse sentido que implementamos a figura de Provedor Transfronteiriço, avançamos com o

Orçamento Participativo Transfronteiriço, privilegiamos a gestão partilhada de serviços públicos, promovemos eventos culturais e desportivos conjuntos. E a ‘cereja no topo do bolo’ será a constituição de um Parque Transfronteiriço ‘Castelinho-Fortaleza’, com cerca de 20ha, ligados por uma ponte pedonal/ciclável sobre o Rio Minho, cujo concurso de ideias está integrado numa candidatura mais abrangente de preservação e valorização do Rio Minho, também cofinanciada pelo Interreg V-A.

A verdadeira cooperação transfronteiriça é a local, aquela que permite aos visados intervir e cooperar. Seguiremos tecendo pontes de futuro, pontes entre um mesmo espaço natural, pontes de comunicação entre as populações.

Cerveira e Tomiño querem, com naturalidade, viver um espaço naturalmente comum ■



A Euro-rexióm: amores e teimas

XAVIER ALCALÁ

O meu namoro com Portugal pode vir dos tempos em que o catedrático de Literatura do Instituto de Ferrol nos fiyo ler e comprender as cantigas de amigo, em quanto a catedrática de História punha em dúvida a história oficial da Espanha: nem Galícia era só Galícia nem Portugal era de todo Portugal sem Galícia. Olhando o mapa da Península Ibérica aparecia umha irregularidade: a faixa ocidental estava incompleta.

Quando chegou a hora de me iniciar na profissóm, nas ofertas de práticas para alunos da Escola de Engenheiros de Telecomunicação achei umha em Lisboa, na Plessey AEP, e mália falar, ler e escrever inglês, vendo os meus colegas a tentarem acadar posto nos EE.UU. ou na Gram Bretanha, decidim-me por Portugal. E alá andei no meu SEAT 600 entre Ferrol e Lisboa, passando por umhas terras que “cheiravam a Galícia” polo menos até Coimbra.

Lisboa ensinou-me muito, e nom somente electrónica. Percebim que era a cabeceira dum mundo enorme do que falavam os galegos emigrados á própia Lisboa e ao Brasil abraiante. Aginha comprendim que Portugal era umha naçóm compacta, do Miño ao Algarve, se bem “o Norte” semelhava a Galícia do Sul cumha pujante capital, o Porto. Amigos galegos e portugueses de Lisboa falarom-me da ucronia dum Portugal com capital á beira do Douro. De ter sido assí, ¿como seria a fala oficial do país?

Lisboa, Anadia, Compostela; Ernesto Guerra da Cal, Manuel Rodrigues Lapa, Ricardo Carvalho Calero; e, ao fondo, Ferrol. Ferrol me fecit, como

dizia Gonzalo Torrente Ballester, parafraseando o England me fecit de Graham Greene. A minha formaçóm em Ciências levou-me de Ferrol a Lisboa, para me converter em casual aluno de três professores de Letras (dous deles, ferroláns). Guerra da Cal era o galego máis lusista do mundo, Lapa considerava-se o máis galego de todos os portugueses, Carvalho luitou com denodo para que o galego “demótico” (escrito á castelá) deixasse passo a um galego “universal”, grafado á portuguesa (e segundo as regras históricas, galaico-portuguesas, da língua matriz da Lusofonia).

Marcado pola sabedoria desses grandes homes, a profissóm seguiu-me levando á que me atrevo a chamar Galiza Portuguesa, principalmente a Braga e Porto. Durante muitos anos passei com paciência a ponte do Minho e os controles de policia e alfândega. Até que Portugal e a Espanha foram admitidos no clube dos países europeus. Daquela eu, como tantos habitantes de aquém e além Minho, respirei umha sensaçóm de liberdade, de facilidade, de amizade, que os nossos pais nom dariam nem sonhado.





Ora, ao mesmo tempo xurdia umha consciéncia de dificuldade: contra todo o que mandavam a Geografía e a História, a Língua e os Costumes, séculos de vivirmos de costas viradas faziam difícil viajar dumha paisage de tojo e granito a outra de granito e tojo: as estradas e os caminhos de ferro nom se correspondiam coas vontades de unióm.

Mais seguimos com essa vontade em quanto se avançava noutras formas de comunicaçóm. Coubo-me a sorte de trabalhar no desenrolo das redes da Radio Galega e da Televisóm de Galícia, fum diretor técnico da CTRVG e percibím o efeito que produzia a extensóm das coberturas sobre a fronteira do sul. Os “galegos” da outra banda ouviam e viam os desta, descobriam a sua continuidade étnica já dentro da Espanha.

Todo foi boa predisposiçóm no eido dos negócios e das Ciências. Só falhamos no das Letras: sem nos faltar deveço de conhecermo-nos, nom se adiantava na comunhóm literária. Ao norte do Minho ganharon os inimigos da abertura á Lusofonia, arrecunçados na Academia, sometidos ao poder que Madrid exercia a través de quem mandava em Santiago.

Em quanto a Autoestrada do Atlántico se desenvolvía, entramos num tempo de relaçóns intensas entre centros tecnológicos. Á volta do século estabeleceu-se a RedIT, que ia de Ferrol ao Porto, juntando esses centros numha idea clara: a de partilharmos infraestruturas e equipamento em rede. Desde o CIS Galícia de Ferrol –cuja direçóm técnica me quadrou exercer– ao Inegi do Porto, passando polo IDITE Minho de Braga, tentamos desenvolver projetos de ajuda ás industrias em funcçóm das capacidades de cada um deles.

Foi umha bela época, de ilusóm que começava a dar fruítos quando neste Finis Terrae se compreendeu a importância dos programas de Ciência e Tecnologia da Unióm Europea. Para formarmos consórcios com parceiros dum mínimo de três países europeus,

mesmo tinhamos a vantagem de que o Minho nos dividisse no mapa de cores da Geografía Política: gente bem levada de cada área de conhecimento logo se punha de acordo co vizinho de além do rio. Assí conseguimos presença de dous países.

Com lembranças agradáveis desta camaradage transfronteiriça aceitei a obriga de ir procurar fondos a Bruxelas para o que daquela se chamava I+D+i. O diretor geral de Inovaçóm da Xunta de Galicia, Salustiano Mato (hoje reitor da Universidade de Vigo), deu-me a oportunidade de formar a organizaçóm que chamamos OPIDI, com escritórios em Ferrol e na capital da UE.

Doadamente, logo me relacionei alá cos que sentiam a continuidade entre o Norte de todo –a Marinha Lucense– e o Sul que acaba no Mondego. Em Bruxelas fum atopar outro português que quiçais se sinta ainda máis galego có professor Lapa: Joaquim Pinto da Silva, portuense, funcionário da Comissóm Europea, dono da Orfeu, Livraria Portuguesa e Galega. Esta livraria-sala de atos culturais foi para mim, durante máis dumha década, um punto de achegamento á terra na que me figem persoa.

Nos anos de vivir aos saltos entre Galícia e Flandres puidem entrar na concepçóm que europeus sabedores tenhem da Euro-regióm onde o Velho Continente se largou aos mares, a onde voltou a caravela co aviso de existirem as Índias Ocidentais. Cuidam que temos o privilégio de partilharmos muito, em Europa e polo mundo; de sabermos recuperar séculos de separaçóm forçosa.

Mais ainda fica outro dabondo por andar. Eu nom desisto de que nos conheçamos verdadeiramente em termos de Literatura; nem renuncio a poder, algún dia, viajar de Ferrol ao Porto num trem tam rápido e tam cómodo coma o que hoje me leva entre a Corunha e Vigo...

Será teima de velho escritor que sempre lhe quijo bem a todo Portugal ■



Rubén C. Lois González

«A FUNDACIÓN CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS CREA FUTURO»

Catedrático na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Rubén C. Lois González é o director do departamento de Xeografía da USC, membro da directiva da Asociación de Geógrafos Españoles e durante cinco anos (2013-2017) foi o director da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER), desde onde «baixo o liderado da Eurorrexión impulsamos o Programa Iacobus de mobilidade interuniversitaria», ten subliñado.

- **Como se coordinan as Administracións portuguesa e galega encargadas do ensino a ambos os dous lados da “raia”?**
No ámbito das universidades ben e de xeito estable. Hai boas relacións a nivel reitoral e entre vicerreitores. Isto complementase coa posta en marcha do Programa Iacobus que está a crear unha auténtica integración de equipas de investigación e redes entre Galiza e a Rexión Norte.
 - **Que institucións e mecanismos fan posible?**
A existencia da Fundación CEER (Rede de Universidades Regiao Norte-Galiza) permite dispor dunha infraestrutura estable, é a expresión académica da Eurorrexión no plano político. Hoxendía, por riba, as relacións son máis fluidas porque as tres universidades do Norte Portugués, as de Porto, Minho e UTAD, forman o Consorcio de Universidades do Norte e as tres galegas (Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña) o Consorcio Universitario de Galicia.
 - **Que equipos, instalacións e persoal empregan ambas as partes?**
Podemos decir que o CEER ten unha oficina técnica na Reitoría da Universidade de Santiago, con dúas empregadas fixas; ás que se suma na actualidade un investigador-técnico do CEER na Universidade do Minho, en Braga. Esta estrutura preténdese ampliar no 2018 coa incorporación dun contratado de programas de I+D no Campus de Vigo.
 - **Que iniciativas e accións desenvólvense no marco da eurorrexión?**
Todo aquilo que pode axudar a crear unha comunidade universitaria común. Primeiro, con dous eventos conxuntos nos eidos do deporte e das actividades culturais, cos Xogos Galaico-Durienses que existen desde 1993 e cunhas xornadas eurorrexionais de música e teatro; ademáis, celébranse todo tipo de encontros de científicos e académicos, desde filósofos ate expertos en nanotecnoloxía. En segundo termo, animando, parti-
- cipando e dirixindo proxectos de cooperación transfronteriza, como o Smart-Minho, Visit-Minho, Iacobus e hai un tempo, o Biodip. Estase pendente de concursar forte na actual convocatoria de Interreg V-POCTEP.
- E no terceiro lugar tamén promovemos as titulacións compartidas. Neste momento postgraos en Responsabilidade Social Empresarial co patrocinio do Banco Santander. Logo procurando favorecer co-tutelas doctorais, másters conxuntos e desenvolvendo un programa de aproximación dos graos universitarios español e portugués.
- **Que resultados prácticos proporciona o traballo do CEER?, como visualizar a tarefa que vostedes desenvolven?**
Hai resultados e teñen proxección de futuro; por exemplo, a partir da experiencia Iacobus a mobilidade coordinada entre laboratorios da área das Ciencias entree a Universidade de Vigo e do Minho está a permitir hoxe a existencia de

auténticos grupos de investigación coordinados e integrados de carácter transnacional. Nas Humanidades esa mobilidade e varios proxectos fan posible que se estea a elaborar un corpus lexicográfico conxunto do galego-portugués.

- **En que medida inflúe a súa laboura na mellora das posibilidades de inserción laboral?**
A mellora das perspectiva laborais na Eurorrexión deuse sobre todo coa saída da crise. Pero reteñamos un dato: polo que me consta, a Universidade do Minho é o factor máis determinante no desenvolvemento dun polo de empresas tecnolóxicas na área de Braga-Guimarães que emprega a preto de mil traballadores relacionados co I+D. En Vigo, o parque tecnolóxico impulsado pola universidade acadada un volume semellante de empregos xerados e en Santiago quizáis un pouco máis, sobre todo no ámbito da investigación médica e farmacéutica. Mesmo en

Tras-Os-Montes, na UTAD, estase a negociar pola universidade a creación doutro polo cunha multinacional, que fre preto de 100 postos de traballo. e en todo estes polos non existe fronteira. Galegos e galegas traballan con portugueses, e viceversa.

- **É certo que hai mozos portugueses contratados en Galicia e galegos no Portugal?, é algo ocasional ou unha tendencia e se é así, vai en aumento?**
Hainos nas cidades e actividades que veño de citar, e no caso das ocupacións tecnolóxicas en I+D isto vai en aumento.
- **Que diferenzas detectou vostede entre o alumnado que acaba a secundaria e o ensino superior en Portugal e en Galicia?**
Non teño moitos datos da secundaria. En todo caso, o sistema portugués está máis formalizado, vincúlase a un mellor coñecemento de linguas estranxeiras e

resulta máis selectivo no acceso á universidade. En Galicia pola contra estímúlase máis a competitividade e os rankings entre centros, dásele máis importancia as experiencias didácticas innovadoras e a formación activa de cidadáns. Pero en xeral son dous mundos parellos.

- **Como mellorar a eficacia do seu traballo no marco da eurorrexión?**
A nosa tarefa é eficaz se se producen dou factores. Primeiro, traballar en paralelo coa Eurorrexión. A colaboración e o aliñamento de obxectivos é fundamental para crear unha Eurorrexión vangardista en Europa; e segundo, fronte a unha cooperación determinada por ondas e convocatorias de proxectos estables, hai que crear estruturas galego-portuguesas de gobernanza estables, as AECT e as fundacións son un bo primeiro paso nese camiño ■



...procurando favorecer co-tutelas doctorais, másters conxuntos e desenvolvendo un programa de aproximación dos graos universitarios español e portugués...

A necesidade de modernizar o tren

ENRIQUE SÁEZ PONTE

O CAMIÑO DE FERRO SEGUE A SER A INFRAESTRUTURA DE COMUNICACIÓN MÁIS IDÓNEA PARA UN SISTEMA DE CIDADES PRÓXIMAS SITUADAS AO LONGO DA LIÑA RECTA QUE VAI DE FERROL A SETÚBAL



A entrada na Unión Europea, hai trinta e dous anos, representou unha grande oportunidade para o crecemento dos dous lados da raia. Aínda que moi antiga, a fronteira entre a Galiza e o Norte de Portugal foi sempre algo artificial, pois divide entre dous Estados a fachada atlántica peninsular, que debería ter sido un continuo social, económico e mesmo cultural. A fronteira, no plano comercial, xa non existe e comprobamos que o gran crecemento do intercambio de mercadorías está puxando de outras formas de achegamento.

En paralelo ao desmantelamento dos aranceis entre España e Portugal, que seguiu á entrada no mercado único, foron chegando fondos europeos para construírmos estradas e autoestradas que facilitaron moito o movemento de persoas e bens. Pero aínda temos unha barreira que derrubar: a mala comunicación ferroviaria. O tren que nos une é case decimonónico. A ponte entre Valença e Tui, inaugurada en 1880, pode tomarse como símbolo desa inxustificábel situación.

O camiño de ferro segue a ser a infraestrutura de comunicación máis idónea para un sistema de cidades próximas situadas ao longo dunha liña recta entre Ferrol e Setúbal, que vertebra un área de 10,5 millóns de habitantes ao longo de 660 quilómetros. Investir en modernizalo é pura racionalidade económica. Non podemos estar mergullados no século XXI e traballar con sistemas de comunicación de outros tempos. Necesitamos que Madrid, demasiado alonxada do mar, e Lisboa, que, aínda que non o diga, tende a adiar os investimentos que

poden potenciar a situación xeográfica do Porto, comprendan que é necesario darlle prioridade a este obxectivo. Agora que a recuperación económica empeza a notarse en toda a península é o momento de reivindicalo con enerxía. Se conseguimos superar as dúbidas das burocracias capitalinas, vamos poder contar coa axuda de fondos europeos, dispostos a colaborar na superación dos restos dunha fronteira para o tráfico comercial que non fai sentido na era da globalización.

Un primeiro argumento para situar este obxectivo na primeira liña das prioridades dos dous países ven dunha experiencia directa: o gran éxito do corredor costeiro galego, que se sitúa entre as liñas máis rendíbeis de Renfe (a máis segundo algúns parámetros) desde que se modernizou a infraestrutura. É

un exemplo salientábel. Os galegos que viven en torno ao eixo atlántico habitan agora nunha especie de macro cidade costeira, con diversos arrabaldes. Por que non levala ata Setúbal? Nada mellor para promover as relacións persoais e culturais, os intercambio de ideas e iniciativas, a coordinacións de obxectivos públicos e privados, en definitiva, para puxar o desenvolvemento de todos, entre todos.

O ferrocarril tamén é imprescindible para o tráfico de mercadorías a distancias medias e longas, como complemento do transporte marítimo. Calquera política de desenvolvemento ten que poñelo en primeiro plano. As plataformas loxísticas eficientes son elementos centrais do crecemento económico nun mundo globalizado.

Galiza está a crecer máis desde que a entrada conxunta de España e Portugal na UE fíxo a sentirse máis perto dun espazo do que estivo excesivamente afastada. A renda por persoa galega ven de superar, desde o 2016, á de todas as comunidades autónomas dos sur de España, incluída Valencia e exceptuada Madrid, e dalgunha do norte (Asturias). Galiza precisa agora dunha boa conexión ferroviaria con Porto porque, ademais das razóns xa expostas, facilitaralle o acceso ao corredor atlántico europeo que se vai conectar á fachada occidental da Península a través da gran cidade do Norte de Portugal. Aínda que para os galegos sexa un pouco ineficiente enviar mercadorías ao sur para que logo circulen cara o norte, sería un amaño importante. A lo menos mentres non se logre unha conexión máis directa co sistema europeo ■



José Antonio Amoeiro:

«A nosa tarefa central é fortalecer e protexer a reserva da biosfera Gerês-Xurés»

O biólogo José Antonio Amoeiro Mosquera, que foi monitor da Aula Natureza do Invernadeiro, está adscrito desde 1995 ao Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, primeiro desempeñou as súas funcións no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e desde o 2011 é o xestor da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Aínda que é difícil resumir o traballo que desenvolve o persoal da reserva Amoeiro Mosquera tentao con estas palabras: «O principal obxectivo da equipa Gerês-Xurés Dinámico é fortalecer a entidade e a identidade propia da reserva mediante o fomento da participación activa dos actores do territorio, a promoción do seu desenvolvemento económico e turístico sustentable e a protección e conservación do seu patrimonio natural e cultural».

— Como se coordinan as Administracións portuguesa e galega encargadas do medio a ambos os dous lados da “raia”?

Ademáis das sesións da Comisión de Dirección, que é o órgano reitor da reserva da biosfera, mantemos reunións a nivel técnico con presenza de persoas dos dous lados, tamén hai órganos de participación e son fundamentais os traballos técnicos de campo no que participa o persoal galego e portugués.

— De que equipos, instalacións e persoal dispoñen?

O listrado de persoal e das instalacións é o seguinte: un director, dous técnicos, nove axentes, dous capataces e oito peóns forestais, un oficial e cinco vixiantes, máis dous auxiliares adminis-

trativos. A reserva utiliza dúas oficinas, posúe un centro de información e interpretación, unha nave en réxime de aluguer para os vehículos e a maquinaria necesaria para roza, limpeza e traballos de mantemento, tamén administramos e dispoñemos dun pobo rehabilitado, Salgueiro, que é propiedade da Xunta de Galicia, e mantemos rutas de sendeirismo, áreas recreativas e miradoiros. Traballo nunca falta.

— As funcións parecen moi variadas...

Certo, pois o traballo que afronta o programa Gerês-Xurés Dinámico ten un carácter global ao incluír a dinamización conxunta da reserva da biosfera, para o que dispón dun orzamento total de 2.573.650 de euros para o bienio 2017- 2018.





Lóxicamente, o principal obxectivo é protexer e fortalecer os valores medioambientais da reserva, pero ao mesmo tempo temos que contribuir á promoción do seu desenvolvemento económico e turístico e que se faga de xeito sustentable e facelo mellorando a protección dos espazos naturais. Ademais, o seu carácter transfronteirizo obriga a cooperar e traballar conxuntamente con todos os organismos responsables da xestión deste espazo natural protexido a ambos os dous lados da fronteira.

— **E os resultados?**

Os beneficios son evidentes para os destinatarios das acción, visitantes, xestores e, en particular, os habitantes da zona; estamos a mellorar a calidade de vida da poboación, hai un incremento da capacidade de atracción turística, económica e mesmo hai beneficios demográficos, pois a reserva e as súas actividades contribuen a frear o despobamiento do territorio, que é un dos grandes problemas do rural da eurorrexión.

Mellorar a sensibilización e o coñecemento do medio entre a poboación local, no resto do país e no mundo son beneficios a ter moi presentes, sen esquecer detalles e cuestións prácticas como a mellora das condicións de accesibilidade, a sinalización e no ámbito da Administración pública é moi positivo harmonizar os instrumentos de planificación e xestión de ambos os dous lados da “raia”.

— **En que traballos teñen participado técnicos e persoal galego e portugués?**

En moitos, por exemplo nos censos da fauna, como foi o caso da cabra montesa, que obrigou facer un traballo de campo con persoal de ambos lados; ou cando facemos o seguimento de águilas... as especies que habitan na reserva non sabe de fronteiras!

— **Que iniciativas ou accións poden servir para que a sociedade coñeza a tarefa que vostedes desenvolven?**

Hai moitas, pero falarei dunha moi con-

creta e didáctica: as excursións guiadas, a última do 2017 foi o pasado mes de novembro. Trátase dunha actividade que serve para coñecer e ter conciencia dos importantes valores ambientais e etnográficos da reserva, os participantes na convocatoria do pasado novembro viñeron en autocar dende o centro de información do Parque Natural da Baixa Limia, recibiron información impresa e oral. As excursións que organizamos achegan ao público os diferentes aspectos do patrimonio natural e cultural da reserva e os visitantes sempre van acompañados por monitores que coñecen o medio.

Esta actividade non só é de proveito para os veciños da zona e da área circundante ou para os amantes da natureza en xeral, tamén é moi recomendable para os profesionais que desenvolven a súa actividade en contacto coa natureza e que dependen dela e da súa conservación, desde empresarios e traballadores do setor do turismo ata labregos e gandeiros ■



SANDEN

137 proxectos foron seleccionados na 4.^a convocatoria do programa Iacobus

Tras avaliar as 311 candidaturas presentadas na plataforma ata o día 11 de xaneiro de 2017, a Comisión aprobou 137 candidaturas: 73 Docentes (PDI), 19 Persoal de Administración e Servizos (PAS) e 35 Investigadores de Doutoramento e de Pos-Doutoramento.

Destas 137 candidaturas seleccionadas, 69 foron das universidades portuguesas e 73 das universidades galegas.

As áreas de traballo dos 137 beneficiarios deses 4.^a Convocatoria, cuxo período de intercambio decorreu entre o día 1 de febreiro e o día 30 de xuño, foron moitas, destacando as Ciencias da Saúde (Medicina, Farmacia, Química Alimentaria, Veterinaria), as Humanidades (Xeografía, Linguas, Historia e Educación), as Enxeñarías (Civil, Industrial, Electrónica, Física e Química), as Ciencias Económicas e Empresariais (Xestión, Economía, Contabilidade e Marketing), as Ciencias Sociais (Socioloxía e Estudos da Comunicación), as Tecnoloxías da Información



PROGRAMA IACOBUS

e Comunicación, as Ciencias Ambientais (Bioloxía), os Recursos Naturais (Agricultura, Forestal e Marítima), o Dereito, entre outras (Matemática, Cultura, Belas Artes, Turismo e Deporte).

A 4.^a convocatoria do Programa IACOBUS tivo unha dotación orzamentaria de 150.000€.

A selección dos demandantes foi realizada por unha Comisión de Avaliación presidida polo GNP, AECT, na calidade de entidade xestora do Programa IACOBUS, incluíndo representantes da Fundación CEER, en representación das Universidades da Eurorrexión, da CCDR-N do Norte de Portugal e da Xunta de Galicia ■

Entidades	PDI		Investigadores		PAS		Total		Total Monetario
	Candidatos	Seleccionados	Candidatos	Seleccionados	Candidatos	Seleccionados	Candidatos	Seleccionados	
U. Coruña	30	13	9	6	4	1	43	20	19.600 €
U. Santiago	24	8	34	23	5	3	63	34	41.000 €
U. Vigo	38	13	11	6	1	0	50	19	22.600 €
U. Porto	13	6	6	5	5	5	24	16	19.600 €
U. Minho	15	8	5	4	3	2	23	14	13.200 €
UTAD	15	3	0	0	0	0	15	3	2.400 €
U. Católica	3	1	1	0	2	1	6	2	1.600 €
IP Porto	32	11	1	1	8	4	41	16	17.400 €
IPVC	15	6	0	0	0	0	15	6	5.600 €
IP Bragança	9	3	0	0	7	3	16	6	5.600 €
IPCA	15	1	0	0	0	0	15	1	800 €
TOTAL	209	73	67	45	35	19	311	137	149.400 €





Aberta a 5ª convocatoria do



PROGRAMA IACOBUS

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT) abriu a 5ª convocatoria do programa Iacobus. A presentación das candidaturas realizouse dende o 23 de outubro ata o 19 de novembro do 2017. As candidaturas foron presentadas na Plataforma Web do IACOBUS. Cun orzamento de 150 mil euros, o IACOBUS financiará estancias efectuadas entre o 1 de febreiro e o 30 de xuño de 2018.

O Programa IACOBUS é un programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que xorde co obxectivo de dar un paso máis na configuración dun auténtico espazo de integración interrexional entre Universidades e institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O IACOBUS é unha acción promovida pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, baseada nas prioridades definidas no PIC - Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión e nas estratexias establecidas pola RIS3-T, e que conta co apoio da Unión Europea, sendo financiado polo Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

IACOBUS ten como obxectivo principal fomentar a cooperación e o intercambio entre os recursos humanos das institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, visando o desenvolvemento conxunto de actividades formativas, de investigación e de divulgación, a través dun sistema de intercambio transfronteirizo de profesores, investigadores e persoal administrativo e de servizos, entre as institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que asinaron o “Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre as Universidades e as Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal” en Vigo, o día 11 de abril de 2014.

Forman parte do Programa IACOBUS as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Porto, Miño, Trás-os-Montes e Alto Douro e a Católica Portuguesa, ademais dos Institutos Politécnicos do Porto, Bragança, Viana do Castelo e Cávado.

Os participantes tiñan que contrato/vínculo de investigación

en vigor durante o período de realización do intercambio, así como estar en condicións de poder traballar no país para o cal solicita a estancia.

